




Violencia estructural contra as mulleres

*Xénero e investigación
científica na
Universidade de Vigo
en tempos da covid-19*



Universidade de Vigo


Unidade
de Igualdade



Edición: Unidade de Igualdade. Universidade de Vigo
Autoría: Águeda Gómez Suárez (socióloga)
Iria Vázquez Silva (socióloga)
Cidadanía Sociedade Cooperativa
Deseño da portada: Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais
Fotografía da portada: Daria Shevtsova. Pexels
ISBN: 978-84-8158-874-3

Índice

1. Encadramento da investigación	1
1.1. Presentación	2
1.2. Obxectivos	3
1.3. Estrutura	4
2. Metodoloxía	6
2.1. Aspectos metodolóxicos	7
2.2. Enquisa	8
2.3. Análise documental	13
3. Análise de resultados	16
3.1. Perfil das persoas enquisadas	17
3.2. Actividade docente e investigadora durante o estado de alarma	20
3.3. Fenda de coidados e feminización do traballo doméstico	56
3.4. Comentarios e achegas das persoas enquisadas	73
4. Análise documental	76
4.1. A fenda de xénero nas publicacións	77
4.2. O impacto da covid-19 nas publicacións españolas e de fala hispana	81
5. Conclusións	84
6. Bibliografía	92
7. Anexos	96



Encadramento da investigación

1.1. Presentación

No informe realizado polo Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, do Ministerio de Igualdade, maniféstase o diferente impacto da pandemia da covid-19 sobre homes e mulleres, así como as súas consecuencias, tanto económicas coma sociais e familiares.

O Decreto do estado de alarma, do 14 de marzo de 2020, supuxo adaptar as responsabilidades laborais e profesionais aos coidados e á atención de menores, persoas dependentes e ás tarefas reprodutivas, recaendo nas mulleres unha maior carga de traballo, con importantes repercusións sociais e económicas e agravando as desigualdades.

Ao tempo, no ámbito universitario, dentro da investigación e da produción científica, os datos derivados de diferentes estudos e investigacións dan conta do impacto da pandemia nas investigadoras e académicas, nos que se constata as graves consecuencias na carreira profesional das mulleres, unha baixada no volume na produción científica. Mentres, o colectivo masculino continúa, mesmo acrecenta, a publicación de artigos e de publicacións.

Na análise realizada pola Unidade de Mulleres e Ciencia (UMyC) do Ministerio de Ciencia e Innovación mostra como afectou o contexto da covid-19 ao sistema de ciencia e innovación en termos de igualdade de xénero. O documento titulado «Género y ciencia frente al coronavirus» trata o impacto da crise sanitaria, económica e social na saúde de homes e mulleres. Ao tempo, ten en conta o confinamento e a carreira profesional científica.

Entre outras consideracións, o informe revela as desigualdades respecto da dispoñibilidade de tempo dedicado á ciencia entre homes e mulleres. A fórmula do traballo en remoto durante o confinamento evidencia as desigualdades e a feminización das tarefas domésticas e de coidados, influíndo no solapamento de tarefas, e formula diferenzas na produtividade de académicas cos seguintes agravios comparativos.

Ao considerar, ademais, o modelo que rexe no sistema científico, baseado no recoñecemento do status investigador en criterios obxectivos e cuantitativos, os desequilibrios profesionais e de recoñecemento de méritos acrecéntanse notablemente entre homes e mulleres.

Nesta situación formúlase o deseño deste estudo co obxectivo de coñecer a fenda científica e a fenda de coidados entre as mulleres académicas e investigadoras da Universidade de Vigo.

1.2. Obxectivos

O estudo tivo como obxectivo central analizar a fenda científica e a fenda de coidados no marco da covid-19, e o seu impacto no ámbito profesional, persoal e emocional no persoal docente e investigador da Universidade de Vigo. Máis en concreto, os obxectivos foron:

- Facer un seguimento da evolución de artigos e de publicacións realizadas por homes e mulleres académicas e investigadoras, antes e durante a pandemia.
- Contrastar o número de investigacións realizadas por homes e mulleres durante a pandemia e a súa comparación nun tramo temporal.
- Recoller a valoración e a percepción das mulleres e homes no impacto que tivo o estado de alarma decretado pola covid-19 na xestión dos coidados e como afectou o seu plano persoal e profesional.
- Analizar os diferentes tipos de traballos reprodutivos e de xestión de coidados (emocionais e físicos) que asumiron mulleres e homes, as responsabilidades e os termos nas que se reproduciron.
- Identificar necesidades posteriores e propostas para reverter a situación e os apoios que demandan desde a institución e o papel que pode ter a Universidade de Vigo con outras institucións ante as necesidades xurdidas.

Unha vez presentados os obxectivos da investigación, definíronse os aspectos técnicos máis importantes á hora de deseñar os métodos e as ferramentas de recollida de información.

1.3. Estrutura

Esta investigación estrutúrase en 4 capítulos. O primeiro capítulo presenta o deseño metodolóxico do estudo, realizado a través de fontes de información cualitativa (entrevista en grupo e análise documental) e dos datos primarios recollidos a través dunha enquisa electrónica de deseño propio realizada a 275 persoas PDI da Universidade de Vigo.

O segundo capítulo expón a análise central da actividade científica e investigadora tomando como base a enquisa propia e as entrevistas en grupo. Esta análise mostra as principais diferenzas na xestión dos tempos nas actividades profesionais dentro da docencia e da investigación, e das diferenzas nos tempos de dedicación e responsabilidades nas actividades non remuneradas relacionadas coa xestión do fogar e o coidado das persoas menores e dependentes.

O capítulo terceiro recolle unha análise documental dunha mostra das principais revistas e publicacións nacionais e internacionais, de fala hispana, de divulgación científica e investigadora, nunha comparación en dous momentos temporais, antes e durante o decreto do estado de alarma. A citada comparación entre mulleres e homes mostra os diferentes resultados obtidos e evidencia as desigualdades existentes. Por último, o capítulo cuarto resume as principais conclusións deste estudo.

O anexo recolle o cuestionario empregado na enquisa, o modelo de guía da entrevista, así como a referencia de revistas e de publicacións científicas recompiladas para a análise documental.



Metodoloxía

2.1. Aspectos metodolóxicos

Tal e como sinalamos, a metodoloxía para tratar os obxectivos formulados combinou o método cuantitativo, a partir da enquisa en formato electrónico dirixida ao conxunto de PDI da Universidade de Vigo, co método cualitativo, por medio de entrevistas en grupo e a análise documental e a cuantificación da produción de *papers* e artigos publicados nas principais revistas e repositorios de investigación científica nacional e internacional de fala hispana.

Na seguinte táboa recóllense as fases nas que se divide o estudo, especificando as tarefas concretas e as técnicas e os instrumentos de investigación empregados.

Táboa 1. Fases, actividades e técnicas de investigación

Fases	Actividades	Técnicas de investigación
Planificación da investigación	Definición dos obxectivos do estudo Deseño metodolóxico Planificación de actividades	Recompilación documental Explotación de fontes estadísticas
Documentación e recompilación de fontes secundarias	Revisión de documentación Análise de fontes estadísticas Consulta de revistas e fontes documentais	
Formulación e delimitación dos obxectivos, métodos e colectivos obxectivo	Delimitación dos distintos aspectos para estudar dentro Deseño da mostra Elaboración e deseño do cuestionario Elaboración e deseño da guía de entrevista Xestión dos contactos do PDI para participar nas entrevistas	Análise do PDI
Realización do traballo de campo	Aplicación da enquisa, seguimento e control da plataforma electrónica Entrevistas en liña	Enquisa Entrevista en grupo en liña Análise documental
Análise e interpretación da información recollida. Preparación e elaboración do informe final	Depuración de datos Tratamento estatístico e interpretación Transcrición e análise de entrevistas Elaboración do informe final	Análise estatística, explotación da base de datos Análise discursiva, de contido e de interpretación

2.2. Enquisa

A enquisa electrónica deseñouse co obxectivo de explorar as percepcións das mulleres e homes PDI da UVigo respecto dos efectos na actividade investigadora e docente durante o estado de alarma decretado pola crise sanitaria da covid-19. Ao tempo, permitiu coñecer as fórmulas de adaptación laboral á nova situación persoal e familiar o seu impacto no recoñecemento da actividade profesional. A poboación foi constituída polo conxunto do PDI, mulleres e homes, da Universidade de Vigo.

O modelo de mostra foi non probabilística e de carácter incidental. Os datos relativos ao persoal docente e investigador permitiron contar cun universo sobre o que realizar o estudo e sobre o que se conseguiu proxectar unha resposta positiva significativa.

Táboa 2. PDI adscrito á Universidade de Vigo (2019)¹

PDI por categoría e sexo	Mulleres	Homes	Total
Axudanta/e	0	1	1
Axudanta/e doutora/doutor	16	23	39
Catedrática/o de escola universitaria	5	9	14
Catedrática/o de universidade	40	113	153
Emérita/Emérito	2	7	9
Interina/Interino	48	27	75
Lectora/Lector	2	2	4
Profesorado contratado doutor/doutora	139	116	255
Profesorado titular de escola universitaria	18	29	47
Profesorado titular de universidade	221	335	556
Profesorado asociado	123	199	322
Profesorado visitante	1	1	2
Total	615	862	1.477

¹ secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39.

Deseño de modelo de enquisa

O modelo de cuestionario estruturouse en preguntas pechadas a través de diferentes bloques e recolleu, entre outros, os seguintes elementos de investigación:

1) Preguntas sociodemográficas. Perfil das persoas enquisadas (sexo, idade, relación de parella, composición do fogar e modelo familiar, persoas ao cargo por idades etc).

2) Situación laboral (categoría) e organización de traballo no momento do confinamento: horarios, medios de traballo, actividades principais, valoración do rendemento profesional e laboral. Fenda científica: recompilación de datos de volume e tipo de produción desenvolta.

3) Fenda de coidados: responsabilidades reprodutivas e de coidados. Xestión e tempos de dedicación segundo a tipoloxía de coidados (reprodutivos e de atención a criaturas e/ou maiores e dependentes).

4) Impacto da situación de confinamento, no plano profesional, persoal e emocional.

5) Achegas e comentarios ao estudo realizadas polas persoas participantes na enquisa.²

Contacto e envío do cuestionario en liña

Previamente realizouse unha depuración da base de datos e a selección do PDI que dispoñía de conta pública de correo electrónico, segundo os datos recollidos dos directorios de persoal docente da Universidade de Vigo. En soporte electrónico, no cuestionario empregouse a aplicación Lime Survey adaptada á identidade corporativa sinalada pola Unidade de Igualdade.

No deseño da enquisa tívose como referencia os diferentes modelos empregados en investigacións e en estudos similares, co obxectivo de vincular os posteriores resultados a indicadores empregados nas citadas investigacións.

Procedemento de recollida de información

Unha vez configurado o directorio de correos electrónicos, remitíuselle un enlace ao conxunto do PDI identificado para cubrir o cuestionario personalizado asegurando o anonimato e a protección de datos. Para mellorar a calidade e a cantidade das respostas facilitadas seguimos o seguinte procedemento:

- Envío do formulario electrónico (no mes de xullo de 2020) facilitando un prazo razoable para cubri-lo.

² Os comentarios realizados, a modo de pregunta aberta, foron recollidos de maneira literal, respectando a lingua empregada na escrita polas persoas enquisadas.

- Recordatorio, vía correo electrónico, ás persoas que non responderon o formulario ao cabo de 15 días. Realizouse un total de dous recordatorios (o último no mes de setembro de 2020).

Análise de datos

Efectuouse unha tabulación e unha explotación deles en diferentes niveis:

- Análise de frecuencias. Recóllense os valores obtidos para as diferentes preguntas do formulario, alternando presentacións en formato de táboas con formato gráfico.
- Análise de cruzamentos bivariáveis. Definíronse os valores das preguntas segundo as diferentes variables sociodemográficas e o perfil das persoas enquisadas.

Posteriormente, deseñáronse as táboas e as gráficas para incorporar ao informe de resultados. A análise cuantitativa realizóuselles a 275 persoas sobre un total de 1477 PDI pertencentes á estrutura docente e investigadora da Universidade de Vigo. A ficha da enquisa pódese consultar no anexo aínda que, de forma resumida, recolleamos a seguinte información.

Táboa 3. Datos técnicos da enquisa

Ficha técnica	
Universo	PDI da Universidade de Vigo. Segundo os datos para 2019 o seu número ascende a 1477 persoas.
Mostra	275 enquisas.
Tipo de mostra	A mostra non é probabilística dado que non houbo segmentación previa desta e a resposta foi voluntaria e por iniciativa propia por parte do profesorado.
Erro	Non se calculou o erro da mostra por non ser probabilística. Co obxecto de realizar unha homologación cunha mostra probabilística e na hipótese dunha mostra aleatoria simple, para un nivel de confianza do 95,5 % (2 sigmas) e no suposto de máxima indeterminación ($p = q = 0,5$), o erro máximo admitido na estimación dunha magnitude absoluta é de $\pm 5,4$ %.
Tipo de entrevista	Enquisa cuberta a través da plataforma web Lime Survey.
Depuración e gravación	Establecemento de filtros no cuestionario electrónico. Comprobación da consistencia da información e a inexistencia de erros en liña de gabinete. A gravación realizouse a través da plataforma Lime Survey para exportala a Libre Office Calc.
Data do traballo de campo	Xullo-setembro de 2020.
Protección de datos	No transcurso da realización das entrevistas, informouse sobre a finalidade principal da enquisa, a súa lexitimación, os encargados do tratamento de datos, as persoas destinatarias e os seus dereitos, así como o delegado de protección datos que figuraba na páxina inicial do cuestionario electrónico. A citada información axústase ao que recolle o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Entrevistas en grupo

No caso das técnicas cualitativas buscamos profundar no fenómeno estudado. O seu obxectivo foi captar e reconstruír o discurso das persoas participantes, recollendo as vivencias, valoracións e opinións respecto da actividade científica e investigadora durante o estado de alarma, así como as prácticas relacionadas co reparto das tarefas do fogar, a maternidade e a paternidade, e as dinámicas de conciliación e corresponsabilidade. O feito de contar con esas visións enriqueceron o diagnóstico da situación. Achegámonos ás vivencias e ás maneiras de resolver as incertezas do día a día ante unha situación única e sen antecedentes e dos efectos que tivo no plano profesional e persoal. A entrevista resultou, ademais, unha ferramenta de contraste e de mellora do cuestionario.

As entrevistas desenvolvéronse en liña adaptándonos ás recomendacións ante a situación da covid-19. As entrevistas en grupo realizáronse por separado a un grupo PDI de mulleres e a outro de homes. Consideramos a opción de desenvolver a entrevista en grupo de forma telemática como unha opción segura e cómoda para as persoas participantes. Resultou máis doado, para o equipo de investigación, xuntar o grupo de mulleres ca o de homes. De feito, no grupo de mulleres participaron sete PDI mentres que no de homes só contamos con dúas persoas. Aínda que non resulte significativo a nivel cuantitativo, decidimos recoller as súas reflexións na investigación.

As actividades para realizar a entrevista en grupo desenvolvéronse nas seguintes fases:

Deseño. Creación dos instrumentos necesarios para desenvolver o traballo na entrevista en grupo e facilitar a posterior análise de resultados.

- Configuración da entrevista en grupo das variables de segmentación e as complementarias.
- Elaboración dos materiais para as entrevistas, guía e deseño do modelo de documento para certificar a idoneidade do perfil das persoas participantes.
- Uso da plataforma Zoom como ferramenta de conexión.

Realización da entrevista en grupo virtual. Nesta fase desenvolvéronse as actividades destinadas a obter a información da entrevista. As actividades concretas foron as seguintes:

- Divulgación entre o persoal PDI da posta en marcha da investigación e chamamento para participar na entrevista. Envío aleatorio ás contas de correo do PDI para participar.
- Selección das mulleres participantes. Resposta positiva de 12 mulleres, das que se seleccionaron 7 por razóns de dispoñibilidade horaria e en función das características do tipo de fogar que compoñían; unidade familiar, con ou sen fillas e fillos, idade e actividade investigadora. No caso dos homes, recibíronse ata 6 correos con dispoñibilidade en participar na investigación e xa pechado o horario e a data de realización, 4 participantes non puideron

conectarse no día previsto para realizar a entrevista. Despois de contrastar coas dúas persoas con dispoñibilidade, decidimos levar a diante a entrevista.

Posteriormente, chamáronse as persoas participantes para concretar a data e coñecer as posibilidades e os apoios de cara á instalación e ao manexo da aplicación informática que se empregaría.

As reunións realizáronse en xullo de 2020 e foron gravadas en formato de audio e de vídeo, empregando as opcións que a propia aplicación informática permitía para analizar a transcripción.³

Táboa 4. Perfís de referencia para a entrevista en grupo

Perfil	Entrevista en grupo	
Mulleres	Universo	PDI mulleres da Universidade de Vigo
	Mostra	Grupo de 7 mulleres, con distinto perfil de idade e tipo de fogar, aínda que se manifestou a preferencia de fillas e fillos menores de 12 anos
Homes	Universo	PDI homes da Universidade de Vigo
	Mostra	Grupo de 2 homes, con fillas e fillos maiores e menores de 12 anos

Táboa 5. Perfil de mulleres PDI participantes na entrevista en grupo

Control	Datos
Muller 1	Menor de 35, sen fillos/as, vive coa nai Profesora contratada doutora Actividade docente e investigadora
Muller 2	Grupo de idade entre 35 e 44 anos Parella con dous fillos menores de 12 anos Actividade docente e investigadora Posdoutoral Xunta de Galicia modalidade B
Muller 3	Grupo de idade entre 45 e 54 anos Parella con dúas fillas maiores de 12 anos Actividade docente e investigadora Profesora contratada doutora
Muller 4	Grupo de idade entre 45 e 54 anos Parella con dous fillos menores de 12 anos Actividade docente e investigadora Profesora titular de universidade
Muller 5	Grupo de idade entre 35 e 44 anos Familia monomarental con dous fillos menores de 12 anos Actividade docente e investigadora Profesora titular de universidade
Muller 6	Grupo de idade entre 35 e 44 anos Parella con dous fillos menores de 12 anos Actividade docente e investigadora Posdoutoral Xunta de Galicia modalidade A

³ Os fragmentos das entrevistas que aparecen no estudo foron recollidos de maneira literal, respectando a lingua empregada polas persoas participantes nas súas intervencións.

Muller 7	Grupo de idade entre 35 e 44 anos Parella con dous fillos menores de 12 anos Actividade docente e investigadora Profesora contratada doutora
----------	---

Táboa 6. Perfil de homes PDI participantes na entrevista en grupo

Control	Datos
Home 1	Grupo de idade entre 45 e 54 anos Parella cunha filla maior e cunha filla menor de 12 anos Profesor titular Actividade docente e investigadora
Home 2	Grupo de idade entre 45 e 54 anos Parella con filla maior e outra menor de 12 anos Actividade docente e investigadora Profesor asociado

2.3. Análise documental

No marco desta investigación decidimos realizar unha análise do impacto da covid-19 en revistas, neste caso de fala hispana, como un xeito de complementar a diagnose realizada, e así detectar as desigualdades de xénero na ciencia e na investigación.

É importante sinalar en detalle o proceso de selección de revistas para posteriormente presentar as que finalmente responderon a nosa petición de datos. Para a citada selección, empregáronse dúas fontes de datos: por unha banda, para as revistas españolas, usamos a clasificación de revistas científicas españolas con selo de calidade Fecyt (2019); e para outras revistas de fala hispana, empregamos a clasificación WOS. Nun inicio elaboramos unha listaxe de revistas para contactar e enviarlles a solicitude de datos, deseñando unha mostra de carácter estrutural, cunha representación de diferentes ramas de coñecemento.

Así, en primeiro lugar, para as revistas españolas, empregamos a clasificación de revistas científicas españolas con selo de calidade Fecyt (2019). A súa listaxe aglutina 13 ramas de coñecemento cunha clasificación para cada un destes eidos. Seleccionamos dúas revistas en cada rama de coñecemento: a revista mellor puntuada e a revista na metade da listaxe. En total, foron seleccionadas 26 revistas españolas que se poden consultar en «Anexos».

En segundo lugar, empregamos a listaxe da Web of Science, coa colaboración do persoal da biblioteca da Universidade de Vigo. A selección foi realizada cos seguintes parámetros: seleccionáronse 10 ramas de coñecemento, e recolléronse as revistas en español con maior volume de publicacións coa referencia do ano 2019. Ademais, nalgúns ramas de coñecemento, dada a baixa taxa de resposta que obtivemos

inicialmente, incluimos tamén outras revistas onde publican dun xeito maioritario o persoal da Universidade de Vigo. En total seleccionáronde, deste xeito, 15 revistas que se poden consultar nos «Anexos».

Por último, e dada a baixa taxa de resposta inicial coa que nos atopamos, sumamos dúas revistas do eido de ciencias sociais coas que tiñamos un contacto profesional: *Revista de Trabajo Social e Interacción y Perspectiva*. *Revista de Trabajo Social*.

En definitiva, o total da nosa mostra foi de 43 revistas. Unha vez elaborada a listaxe de publicacións, enviouse a solicitude de datos vía correo electrónico. Así, envióuseltes un correo electrónico ás revistas seleccionadas no que se lles solicitaba os datos dos manuscritos recibidos durante os meses de marzo a xuño desagregados por sexo, tanto para o ano 2020 coma para os mesmos meses de 2019. A primeira solicitude de datos realizouse en xullo de 2020 e, posteriormente, levouse a cabo unha segunda rolda de envíos de solicitude en setembro de 2020 ás revistas que non responderan previamente.

En total, responderon afirmativamente 11 revistas, polo que a taxa de resposta foi bastante reducida: ao redor do 25 %. En calquera caso, temos que sinalar que, en xeral, a acollida do estudo foi positiva, e moitas das revistas manifestaron a imposibilidade de proporcionarnos os datos, derivado da saturación de traballo froito da pandemia ou debido a atoparse en período vacacional. A continuación, mostramos un cadro coas revistas que responderon positivamente a nosa petición de datos. Certamente, hai unha sobrerrepresentación de revistas do eido de ciencias do comportamento, ciencias sociais e humanidades, as revistas que mostraron un maior interese polo estudo que estabamos a levar a cabo; temos que ter en conta que son estas unhas ramas de coñecemento cunha maior presenza feminina fronte a outras ramas das ciencias e tecnolóxicas.

Táboa 7. Revistas participantes no estudo

Denominación
Revista Graellsia
Revista L'atalante
Psicología Educativa
Psychosocial Intervention
Revista Itea
Revista Izquierdas
Revista General de Derecho Romano
Revista Actualidad Jurídica Ambiental
Revista Española de Investigaciones Sociológicas
Revista de Trabajo Social
Interacción y Perspectiva. Revista de Trabajo Social

Fonte: elaboración propia



Análise de resultados

Neste capítulo recollemos a análise da actividade científica e investigadora desenvolvida polo PDI da Universidade de Vigo durante o tempo no que durou o estado de alarma decretado no mes de marzo de 2020, derivado da crise sanitaria pola covid-19. Nunha primeira parte preséntase o perfil das persoas enquisadas. Nun segundo apartado analízase a dedicación ao traballo remunerado, centrado nas actividades docentes e de investigación, así como nos efectos na carreira profesional. Tamén se recolle unha análise das tarefas de coidados e do fogar e a percepción do impacto que puido ter no plano emocional e persoal. No último apartado recollemos algunhas das achegas e reflexións das persoas participantes na enquisa.


A análise dos datos recollidos a través da enquisa complementábase coas achegas dos grupos de PDI a través da súa participación nas entrevistas en grupo e que recollemos a modo de discursos e reflexións. Así, complétanse e enriquecéanse os diferentes aspectos obxecto da investigación.

3.1. Perfil das persoas enquisadas

A enquisa realizada a unha mostra do PDI da universidade indica unha serie de datos de caracterización básica das persoas enquisadas atendendo ao sexo, idade, tipo de fogar e coidados de fillas ou fillos menores de 12 anos.

Tal e como recollen as seguintes gráficas, o perfil maioritario foron persoas de entre 45 e 54 anos, cun tipo de fogar composto con parella heterosexual, con fillas ou fillos e profesorado titular da universidade. As mulleres mostraron unha maior predisposición a participar na enquisa cunha porcentaxe do 54 % e os homes do 46 %. Tendo en conta a menor porcentaxe de mulleres PDI que forman parte do persoal da UVigo, a diferenza en canto ao nivel de participación e interese polo estudo acrecéntase, e obteñen mellor grao de resposta as investigadoras e académicas respecto dos seus compañeiros.


Gráfico 1. Distribución das persoas enquisadas segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (275)

No que se refire aos grupos de idade, o grupo máis numeroso das persoas participantes foi o que se atopa no intervalo de 45 a 54 anos, con maior porcentaxe de homes (53,3 %) ca de mulleres (41,6 %). Nos grupos de idade de entre 35 e 44 anos, e nos de menos de 35 anos, houbo máis mulleres (26,8 % e 13,4 %, respectivamente), mentres que nas idades superiores, máis de 54 anos, a porcentaxe de homes e de mulleres foi moi similar (ao redor do 20 %).

Gráfico 2. Distribución das persoas enquisadas segundo a idade e o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

A maioría son fogares (52,4 %) formados por dúas persoas adultas que conviven en parella e con fillas e/ou fillos.

Entre as mulleres son máis os casos de fogares unipersoais, parellas sen fillos ou fillas e os de familia extensa. O 4,4 % son fogares monoparentais e monomarentais. Entre os homes, hai maior porcentaxe de familias con parellas e fillos e fillas.


Táboa 8. Distribución das persoas enquisadas segundo o tipo de fogar e o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Unipersoal	11,4 %	5,6 %	8,7 %
Monomarental/Monoparental	4,7 %	4,0 %	4,4 %
Parellas con fillas/Familia composta	45,0 %	61,9 %	52,7 %
Parellas sen fillos/fillas	25,5 %	21,4 %	23,6 %
Familia extensa	9,4 %	0,8 %	5,5 %
Comparto vivenda	1,3 %	1,6 %	1,5 %
Ns/Nc	2,7 %	4,8 %	3,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Das 275 persoas que responderon a enquisa, o 62,5 % teñen fillas ou fillos e o 32 % son menores de 12 anos.

Gráfica 3. Fillas e fillos menores de 12 anos. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (275)

Segundo a categoría profesional, o de profesorado titular da universidade (32,7 %) e contratado doutor/doutora (17,8 %) foron os grupos con maior nivel de resposta.

Táboa 9. Categoría profesional segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Axudanta/e	1,3 %	0,8 %	1,1 %
Axudanta/e doutora/doutor	4,0 %	6,3 %	5,1 %
Catedrática/o de escola universitaria	1,3 %	0,8 %	1,1 %
Catedrática/o de universidade	5,4 %	11,1 %	8,0 %
Persoal contratado con cargo a proxectos	6,0 %	4,8 %	5,5 %
Persoal de programas de investigación	9,4 %	5,6 %	7,6 %
Profesorado asociado	9,4 %	13,5 %	11,3 %
Profesorado contratado doutor/doutora	19,5 %	15,9 %	17,8 %
Profesorado interino	4,7 %	0,8 %	2,9 %
Profesorado titular de escola universitaria	1,3 %	4,0 %	2,5 %
Profesorado titular de universidade	32,2 %	33,3 %	32,7 %
Profesorado visitante	1,3 %	0,0 %	0,7 %
Ns/Nc	4,0 %	3,2 %	3,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)


3.2. Actividade docente e investigadora durante o estado de alarma

Traballo en remoto

O decreto de estado de alarma paralizou a actividade laboral do país e, agás os servizos básicos, a maioría dos sectores produtivos deixaron de ter actividade económica. No caso do sector educativo realizouse un esforzo para manter a docencia nas diferentes etapas do ensino obrigatorio e non obrigatorio, adaptándose nun tempo récord ao formato en liña. As universidades fixeron tamén a súa adaptación, non só coa actividade docente, senón tamén no desenvolvemento das actividades vinculadas coa investigación e coa xestión de tarefas de administración.

A opción de traballar desde a casa foi a gran novidade do confinamento e, de forma maioritaria, o PDI da Universidade de Vigo que participou na enquisa desenvolveu a actividade laboral baixo esta fórmula. Nove da cada dez persoas enquisadas traballaron exclusivamente en remoto durante o estado de alarma e un 9,5 % fíxoo en combinación con traballo presencial.

Gráfico 4. Situación das persoas enquisadas durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes



Base: Total de persoas que responden ao cuestionario (275).

As mulleres traballaron máis desde a casa (92,6 %), case dez puntos por riba dos homes (83,3 %). No caso dos homes, estes combinaron en maior porcentaxe o traballo en remoto co presencial (13,5 %), o dobre ca as mulleres (6 %). Unha maior presenza no fogar implicou asumir en maior medida as tarefas de responsabilidades domésticas e de coidados, e as mulleres, como iremos constatando no estudo, asumiron centralmente este tipo de traballos.

Táboa 10. Situacións das persoas enquisadas durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Traballo remoto	92,6 %	83,3 %	88,4 %
Combinei traballo remoto e traballo presencial	6,0 %	13,5 %	9,5 %
Outro	1,3 %	2,4 %	1,8 %
Ns/Nc	0,0 %	0,8 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %


Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Entre as persoas enquisadas coas fillas e fillos menores de 12 anos, houbo maior porcentaxe de traballo remoto (91 %), aínda que as mulleres traballaron desde a casa no 96 % dos casos e os homes reducíronse ao 85,4 %. Os PDI con fillas ou fillos menores dobraron os casos de traballo presencial (9,8 %), respecto das súas compañeiras (2,1 %), coas mesmas circunstancias familiares de coidado de menores.

As condicións nas que se desenvolveu o traballo desde a casa como as de contar cun espazo propio, ou cando menos dispor dun computador de uso persoal, boa conexión a internet, entre outras, influíron na capacidade de concentración e aproveitamento dos tempos de traballo profesional.

Aínda que a maioría do PDI entrevistado dispuxo dun espazo propio para o traballo, a situación foi máis precaria entre as mulleres (41,6 %) ca entre os homes (47,6 %). Elas empregaron os espazos de uso común (34,2 %), como a cociña ou o salón, ou mesmo tiveron que compartir espazos (24,2 %) en maior porcentaxe ca os seus compañeiros.

Gráfico 5. Condicións para desenvolver o traballo remoto no fogar durante o estado de alarma por sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

O feito de ter fillas e fillos reduciu a posibilidade de contar cun espazo propio para desenvolver a actividade laboral. Tan só o 36,6 % das persoas pertencentes ao grupo de parellas con fillas e fillos dispuxeron dun espazo para o seu uso.

No caso de ter fillas ou fillos menores de 12 anos a porcentaxe diminuíu a 27,3 %, e catro de cada dez PDI fixo uso do espazo compartido con outras persoas do fogar. De novo foron as mulleres con menores as máis prexudicadas e tan só o 21,3 % dispuxo dun espazo para elas fronte ao 34,1 % dos homes na mesma situación familiar, polo que tiveron que recorrer ao uso doutros espazos comúns ou compartidos.

Táboa 11. Condicións para desenvolver o traballo remoto no fogar para as persoas con fillos ou fillas menores de 12 anos. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Porcentaxe
Dispuxen dun estudio/despacho propio onde poder realizar o meu traballo remunerado	21,3 %	34,1 %	27,3 %
Fixen uso de espazos comúns (salón, cociña), xa que non tiña espazo de traballo propio	40,4 %	26,8 %	34,1 %
Traballei nun espazo compartido da casa con outras persoas da familia	38,3 %	39,0 %	38,6 %
Ns/Nc	0,0 %	0,0 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

Tal e como manifestaron as PDI participantes na entrevista en grupo, ter que permanecer confinadas nos fogares, pasar máis tempo do habitual na casa cos outros membros da familia ou facer uso dos dispositivos electrónicos afectou ás condicións nas que as mulleres desenvolveron o traballo, sacrificando e denegándose un espazo propio ou, no mellor dos casos, tendo que compartir estancias e recursos con outras membros do fogar. Outros problemas identificados están relacionados coa baixa calidade da conexión ou a problemas técnicos, ou de compatibilidade, dos computadores persoais cos empregados na universidade:

E a miña mesa de traballo era unha pequena que metín na *habitación* do neno pequeno que por sorte aínda está no berce na nosa *habitación*. As condicións de traballo moi dificultosas e tiven que pedir permiso á universidade na metade do confinamento para subir ao centro e rescatar o meu equipo de mesa (M6. 35-44 anos. Parella con fillos menores de 12 anos).

As condicións de habitabilidade, contar con espazos propios non só afectou as familias con fillas e fillos ou familias extensas. Houbo fogares que non estaban preparados para o traballo en remoto:

...deuse por feito que eu tiña que ter na miña casa unha conexión a internet decente, os meus materiais, porque eu persoalmente vivo nun piso moi, moi pequeno... E a mesa que utilizo para traballar é a mesa na que como, é a mesa na que descanso... Porque o meu xefe si que deu a opción de recoller no laboratorio as miñas pantallas que teño de 27 *pulgadas*, acostumada a traballar na comodidade do meu laboratorio pero é que non é que non quixera collelas, é que onde as meto? E nese caso aínda que a miña actividade aumentou a forma na que traballaba era precaria comparado en como fago na universidade (M1. Menos de 35 anos. Convive con outro familiar. Non ten fillas/fillos).

Os dous PDI entrevistados puideron traballar con mellores condicións e dispuxeron de espazos propios, aínda que houbo que mellorar a conectividade para atender as distintas necesidades das persoas do fogar:


Cada un ten a súa *habitación*, así que sen problema de espazo que haxa que compartir, nin nada... Na casa houbo que adaptarse un pouco no sentido de que na casa somos catro e os catro tiñamos que estar conectados á vez, por parte de equipamento non había problema pero si de conexión e contratar algunha conexión adicional, pero non demasiado, en xeral púidose facer bastante ben (H1. 45-54 anos. Parella con filla e fillo maiores de 12 anos).

O tema de compartir, no meu caso non teño problema, teño despacho (H2. 45-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

Volume de carga de traballo durante o estado de alarma

Sete de cada dez persoas enquisadas recoñeceron que o seu tempo de traballo durante o estado de alarma aumentou, e foron máis os casos que consideraron que o tempo aumentou considerablemente (38,5 %) ca de maneira relativa (28,7 %).

Gráfico 6. Variación do tempo de traballo diario remunerado durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes



Base: total de persoas que responden o cuestionario (275)

O 40,9 % das mulleres sinalaron que o seu tempo de traballo diario remunerado durante o estado de alarma aumentou en máis de dúas horas. No caso dos homes a porcentaxe baixa lixeiramente ao 35,7 %.

Táboa 12. Variación do tempo de traballo diario remunerado durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Diminuíu considerablemente	7,4 %	7,9 %	7,6 %
Diminuíu relativamente	8,1 %	5,6 %	6,9 %
Foi o mesmo	12,8 %	19,8 %	16,0 %
Aumentou relativamente	28,2 %	29,4 %	28,7 %
Aumentou considerablemente	40,9 %	35,7 %	38,5 %
Ns/Nc	2,7 %	1,6 %	2,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Apenas houbo diferenzas en canto á variación no tempo dedicado ao traballo remunerado entre o colectivo de mulleres con fillas e fillos menores de 12 anos respecto do conxunto da mostra. Mantense, en xeral, unha intensa actividade laboral, mesmo superior á dos seus compañeiros homes, tiveran ou non responsabilidades de menores.

Con todo, o 17 % de mulleres con menores afirmou reducir considerablemente o tempo de traballo durante o estado de alarma.

Táboa 13. Variación do tempo de traballo diario remunerado durante o estado de alarma segundo o sexo e menores de 12 anos a cargo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Diminuíu considerablemente	17,0 %	9,8 %	13,6 %
Diminuíu relativamente	2,1 %	12,2 %	6,8 %
Foi o mesmo	6,4 %	17,1 %	11,4 %
Aumentou relativamente	29,8 %	31,7 %	30,7 %
Aumentou considerablemente	38,3 %	29,3 %	34,1 %
Ns/Nc	6,4 %	0,0 %	3,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario con fillas ou fillos menores (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

Nas entrevistas mantidas con PDI mulleres identificaron maiores responsabilidades e sobrecargas de traballo ca os homes. Son responsabilidades asumidas con *naturalidade*, afeitas a ter que compaxinar os tempos e estar permanentemente conciliando:

Entonces si que é verdade que este tema do confinamento foi duro pero xa veño de moitas épocas duras cun neno antes de rematar a tese e despois no medio da posdoutoral co nacemento do meu segundo fillo e entón si que as mulleres

estamos capacitadas para sobrepasarnos, botarnos á *espalda* todo ese traballo extra (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Estamos acostumbradas y esperamos a que luego mejore (M7. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Mais tamén eran conscientes dos seus límites, ata onde podían e debían chegar, evitando situacións estresantes e renunciando, no seu caso, a liderar proxectos profesionais:

Eu non me *levanto* ás 5 da mañá, dixen non paso por aquí... (M3. 44-54 anos. Parella con dúas fillas maiores de 12 anos).

Entón trato de evitar ou de liderar porque é unha responsabilidade que despois me vai provocar moita angustia (M3. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

E ao final acabas esgotada e ao final se dis que si a todo o traballo pois falo pola noite. E teño varios compañeiros da miña idade e vexo que a cousa non é así. Eles tómano con máis relax (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores).

No caso dos homes entrevistados non manifestaron esas cargas ou ter pasado por situacións tan estresantes, aínda que aumentara a súa dedicación ao traballo. Tamén é certo que tiñan fillas e fillos de idades maiores:

Foi dedicarlle máis horas no global. Pero o que foi a docencia e a investigación funo levando máis ou menos igual... Houbo que poñer en marcha todo para a docencia virtual etc., etc., e a partir de aí foi moi absorbente a xestión (H1. 44-54 anos. Parella con fillo e filla maiores de 12 anos).

Porque ademais do teletraballo, atender as fillas, o grupo de investigación, rematar uns artigos que tiñamos por aí..., a verdade que se me fixo *largo* o confinamento (H2. 44-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

As tarefas vinculadas coa teledocencia (preparación de aulas e actividades de titorización e seguimento do alumando) absorberon a maior carga laboral das persoas enquisadas. O feito de ter que adaptarse ás aulas virtuais e traballar con novas ferramentas implicou un maior esforzo e horas de dedicación máis acusado nos grupos de maior idade. O colectivo por riba dos 54 anos concentra maior carga laboral (45,3 %) e redúcese á metade no caso dos menores de 35 anos (24,1 %).

Táboa 14. Variación do tempo de traballo diario remunerado durante o estado de alarma segundo os intervalos de idade. Datos en porcentaxes

	Menores de 35 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	Maiores de 54 anos
Non, diminuíu considerablemente (máis de dúas horas por xornada)	17,2 %	15,0 %	3,1 %	5,7 %
Non, diminuíu relativamente (entre unha e dúas horas por xornada)	17,2 %	3,3 %	6,2 %	7,5 %
Si, foi o mesmo	24,1 %	13,3 %	16,3 %	15,1 %
Non, aumentou relativamente (entre unha e dúas horas por xornada)	13,8 %	28,3 %	33,3 %	26,4 %
Non, aumentou considerablemente (máis de dúas horas por xornada)	24,1 %	35,0 %	41,1 %	45,3 %
Ns/Nc	3,4 %	5,0 %	0,0 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0%	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (menores de 35 anos: 29, de 35 a 44 anos: 60, de 45 a 54 anos: 129, maiores de 54 anos: 53)


As persoas que viven soas (62,5 %) e as que non teñen fillos e fillas menores (41,1 %) aumentaron o seu tempo de traballo por riba da media.

En xeral, durante o estado de alarma aumentou o tempo de dedicación á actividade docente por conta de reducir a actividade investigadora.

De entre as diversas actividades laborais o 55 % das persoas enquisadas dedicaron máis de dúas horas diarias á docencia cando antes do estado de alarma a porcentaxe era do 30 %. Aumentou tamén a actividade de xestión e organización e a de participación en conferencias virtuais e outros espazos.

Así pois, o número de persoas que dedicaron máis de dúas horas á actividade investigadora redúcese en algo máis de dez puntos, e pasa do 60 % antes do estado de alarma ao 48,6 % durante o confinamento.

Gráfico 7. Porcentaxe de persoas que dedicaron máis de 2 horas ao día ás seguintes actividades laborais antes e durante o estado de alarma



Base: total de persoas que responden o cuestionario (275)

As mulleres PDI entrevistadas priorizaron a actividade docente que, durante o estado de alarma, esixiu dunha maior dedicación para adaptarse a novos formatos e atender as titorías e o seguimento do alumnado:

O que prioricei foron as clases, os alumnos de TFG (traballos de fin de grao) porque os alumnos teñen uns prazos que non se poden mover e prioricei un pouco a parte docente e non dediquei á investigación o que tería que dedicar por todo isto (M2. 35-44 anos. Parella con fillos menores de 12 anos).

Ao ter cambios de docencia de presencial a remoto, pois claro tes que elaborar materiais sobre a marcha apuradamente. E facer un seguimento distinto do alumnado porque cambiamos o sistema de avaliación, foi menos exame e máis tarefas continuas, semanais e demais. E para min realmente foi deixar todo de lado e dedicarme á docencia (M4. 35-44 anos. Parella con fillos menores de 12 anos).

Para os PDI entrevistados a docencia supuxo tamén maior carga de traballo, aínda que non chegaron a paralizar ou pospoñer proxectos de investigación, tal e como lles pasou ás mulleres académicas:

En canto á docencia, si que supuxo un cambio total... Tivemos que adaptar a guía docente, poñer traballos... Ou sexa, que a docencia si que me trastornou e non foi moi agradable, tamén a falta de práctica imaxino (H2. 44-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

Nunha situación normalizada, antes do estado de alarma, as mulleres tiñan dedicado maior porcentaxe de horas ca os homes nas diversas actividades recollidas no

cuestionario, coa excepción das actividades relacionadas coa coordinación para a investigación.

No que atinxe á actividade propiamente investigadora, antes do estado de alarma o 61,7 % das mulleres dedicoulle dúas ou máis diarias, por riba do 57,1 % de homes. Aínda que tanto homes coma mulleres reduciron o tempo de dedicación á investigación, durante o estado de alarma o descenso foi maior entre as mulleres (case 15 puntos porcentuais) ca nos homes (8 puntos porcentuais).

Antes do estado de alarma o 32,9 % das mulleres dedicoulle dúas ou máis horas á docencia, baixando a porcentaxe de homes ao 26,2 %. Durante o confinamento reverteu a situación e a docencia pasou a ocupar o groso do tempo da xornada laboral e as mulleres continuaron dedicando máis tempo ca os homes; o 58,4 % das académicas dedicaron máis de dúas horas diarias, fronte ao 50 % dos seus compañeiros.

A participación en conferencias virtuais e outros espazos de divulgación aumentou en maior proporción de homes (do 1,6 % ao 11,9 %) ca no de mulleres (do 4 % ao 8,7 %).

Táboa 15. Porcentaxe de persoas que dedicaron máis de 2 horas ao día ás seguintes actividades laborais antes e durante o estado de alarma segundo o sexo

	Antes do estado de alarma			Durante o estado de alarma		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Actividades de organización e de xestión	8,1 %	7,9 %	8,0 %	15,4 %	11,9 %	13,8 %
Preparación de clases e docencia	32,9 %	26,2 %	29,8 %	58,4 %	50,0 %	54,5 %
Conferencias virtuais e outros espazos de divulgación	4,0 %	1,6 %	2,9 %	8,7 %	11,9 %	10,2 %
Actividade investigadora de produción	61,7 %	57,1 %	59,6 %	47,0 %	49,2 %	48,0 %
Actividade investigadora de coordinación	14,8 %	18,3 %	16,4 %	11,4 %	14,3 %	12,74 %
Outras	10,1 %	4,0 %	7,3 %	14,1 %	7,9 %	11,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Pola contra, as condicións nas que se desenvolveron as reunións e os espazos de encontro virtuais non foron as mellores; numerosas xuntanzas, horarios ríxidos e interrupcións de fillas e fillos foron escenarios habituais:

Tiven a oportunidade de participar en moitos cursos, todo isto non o podía perder, estaba enganchada á formación porque dicía é unha oportunidade boísima..., isto era caótico, *si* a isto lle sumamos xunta de facultade, comisión de departamento, as titorías cos alumnos, foi todo tremendísimo (M3. 44-54 anos. Parella con fillas maiores de 12 anos).

Dada a miña situación acudo aos consellos de departamento maioritariamente cando teñen que ver comigo principalmente. Pero tragando..., si que estou acostuada durante anos a comer en 20 minutos porque teño reunión, porque antes tiven un proxecto, porque teño que entregar unha memoria e porque teño que revisar... Así que o confinamento non cambiou, acrecentou un pouco se cadra. Se antes se comía en 20 minutos, en 10 xa me chegaba moitos días seguidos e seguidos, así que coincido con X (M1. Menos de 35 anos. Non ten fillas/fillos menores).


No meu caso en canto invitacións a reunións e demais, aos consellos si que penso fun convidada e chamadas *ás mesmas*, igual que os meus compañeiros e o mesmo que no caso de non confinamento, pero si que tiven que abandonar algunhas delas antes de finalizar polo tema dos nenos (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Modificación e adaptación de horarios

A nova situación laboral de traballo remoto afectou significativamente as rutinas e os modos de organizarse do PDI, ben por razóns de coidados e atención no fogar, ben por adaptarse ás necesidades da actividade laboral. De novo as mulleres (39,6 %), máis ca os homes (34,9 %), modificaron os seus horarios para atender as necesidades da situación no fogar.

O colectivo masculino modificou horarios pero para adaptarse ás novas necesidades do traballo (46 % fronte ao 40,3 % das mulleres).

Gráfico 8. Modificación dos horarios de traballo durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

No caso das familias monoparentais ou monomarentais e das parellas con fillas e fillos e compostas, seis de cada dez persoas enquisadas sinalaron ter que adaptarse á situación no fogar. De ter fillas ou fillos menores de 12 anos a porcentaxe aumentou a sete de cada dez casos.

Táboa 16. Modificación de horarios de traballo durante a pandemia por menores de 12 anos a cargo. Datos en porcentaxes

	Si	Non	Ns/Nc	Total
Si, tiven que modificar os meus horarios e adaptarme ás novas necesidades do traballo	22,7 %	44,3 %	50,0 %	37,5 %
Si, tiven que modificar os meus horarios e adaptarme á nova situación existente na casa	69,3 %	30,8 %	0,0 %	42,9 %
Non, sigo mantendo o mesmo horario ca antes do confinamento	6,8 %	21,1 %	0,0 %	16,4 %
Outro	1,1 %	2,7 %	0,0 %	2,2 %
Ns/Nc	0,0 %	1,1 %	50,0 %	1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (si: 88, non: 185, ns/nc: 2, total: 275)

Traballar de noite, sacrificar horas de sono mentres as criaturas dormen ou están entretidas, resultaron prácticas habituais ás que recorreron algunhas das mulleres PDI entrevistadas:

Entonces estos meses hemos estado tapando agujeros en casa... las cosas que son imprescindibles pues hay que sacarlas a base de no dormir básicamente (M7. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

A única maneira de ter máis da hora esta continua de traballo a miña opción era erguerme ás cinco da mañá cando os nenos durmían. Entón eu erguíame ás cinco para ter ese tempo ata as sete e media, oito, en que espertaban os nenos, para ter este *rato*. É que creo que na metade do confinamento me colleron coa agulla de marear e cambiaron e cada vez *levantábame* máis cedo ata que cambiei e quedaba esperta ata as tres da mañá intentando escapar deses nenos (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).


No caso dos homes entrevistados, eles sacaron máis tempo para traballar, reducindo tempo de descanso propio ou deitándose tarde, non tanto para conciliar coma para facer fronte á carga laboral acumulada:

Eu pasei de ter unha tarde medianamente libre a non ter nada (H1. 45-54 anos. Parella cun fillo e cunha filla maiores de 12 anos).

Acabar o artigo ás 4 da mañá. Entón co grupo de investigación foi algo de moitas, moitas horas (H2. 43-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

As formas de adaptación e modificación de horarios durante o estado de alarma foron diversas, combinando diferentes escenarios, aínda que sete de cada dez persoas enquisadas tiveron que traballar nas fins de semana e festivos. Ademais, seis de cada dez adaptáronse ás franxas horarias en función das necesidades dos coidados e de xestión do fogar. A alteración de horas de descanso, ben deitándose máis tarde (50,2 %), ben erguéndose antes (34,8 %), son outras das opcións sinaladas. O 20,8 % renunciou a días de vacacións.

Gráfico 9. Formas de adaptación aos cambios de horario de traballo durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes



As responsabilidades derivadas dos traballos de coidados e xestión do fogar, que habitualmente recaen nas mulleres, non lles permitiron ás académicas aproveitar os espazos e as franxas horarias de menos cargas para centrarse no traballo remunerado ao nivel que fixeron os compañeiros (71,6 %). Ver reducida a capacidade de concentración e aproveitar tempos mortos non resultou doado. Elas sacaron horas traballando nas fins de semana e días festivos (73,9 %) ou ben reducindo os días de vacacións (24,4 %).

Táboa 17. Formas de adaptación aos cambios de horario de traballo durante o estado de alarma por sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Erguéndome antes para poder facer correctamente o meu traballo	33,6 %	36,3 %	34,8 %
Deitándose máis tarde para poder facer correctamente o meu traballo	50,4 %	50,0 %	50,2 %
Aproveitando franxas horarias en función das necesidades dos coidados e da xestión do fogar	49,6 %	71,6 %	59,7 %
Traballando algunhas fins de semana e días festivos	73,9 %	73,5 %	73,8 %
Reducindo ou renunciando a días de vacacións	24,4 %	16,7 %	20,8 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Nas entrevistas co grupo de PDI comentáronse situacións derivadas das interrupcións de xuntanzas. Non se dispuxo dun horario fixo nin se puideron planificar os tempos de traballo:


Porque chegou un punto que por horario, por moito que eu sei que aínda que se demore que se poñía a hora de traballar de adaptar un pouco unhas horas de media mañá, de media tarde e non nas horas de comida que igual son máis problemáticas

cos nenos, ou a hora da sesta do pequeno..., sobre todo facíanse moi longas algunhas das reunións e tiña que abandonalas antes que finalizasen porque os nenos interrompían e xa non daban para máis (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Volta ao traballo presencial

Unha vez rematado o confinamento, seis de cada dez enquisadas continuaron traballando en remoto. Con todo, tres de cada dez PDI incorporáronse ao traballo presencial de forma voluntaria e un 3 % sinalou que se incorporou de forma non voluntaria.

Gráfico 10. Volta ao traballo presencial na universidade despois do estado de alarma. Datos en porcentaxes



Base: total de persoas que responden o cuestionario (275)

A continuidade do traballo en remoto foi maior entre as mulleres no 63,8 % dos casos, baixando en dez puntos nos homes (53,2 %). Aínda que se foi recuperando certa normalidade nalgúns actividades económicas, mantívose o peche de centros de ensino e doutros servizos de coidados. A volta ao traballo presencial foi a opción sinalada para o 34,1 % dos homes e o 28,9 % das mulleres. Quedar na casa implicou facer fronte ás tarefas profesionais conciliando co traballo doméstico e de coidados, o que repercute maiormente nas mulleres.

As mulleres entrevistadas non se incorporaron ao traballo presencial ou acudiron á universidade en días soltos. As responsabilidades familiares e o feito de que as parellas regresaran ao traballo presencial obrigounas a continuar na casa:

E eu non estou indo, por exemplo, porque eu teño os nenos, entón non podo ir (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Pola contra, a volta aos despachos foi inmediata no caso dos homes entrevistados:

Na segunda quincena de maio, subín ao campus todos os días (H1. 45-54 anos. Parella cun fillo e cunha filla maiores de 12 anos).

Eu agora estou incorporado ao traballo presencial. De feito, no confinamento había unha temporada na que todo era telemático pero despois xa empezamos a ter que ir dous días. Sempre tiña que haber alguén de garda e empezamos a ir, e como temos menores coa muller chegamos a un acordo (H2. 45-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

Táboa 18. Volta ao traballo presencial na universidade despois do estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Si, de forma voluntaria	28,9 %	34,1 %	31,3 %
Si, pero non de forma voluntaria, xa que prefería continuar co traballo remoto	2,0 %	4,0 %	2,9 %
Non, continuou traballando desde a casa	63,8 %	53,2 %	58,9 %
Outro	4,7 %	4,8 %	4,7 %
Ns/Nc	0,7 %	4,0 %	2,2 %
Total	100,0%	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Preto do 72 % das persoas con fillas e fillos de menos de 12 anos continuaron co traballo en remoto, mentres que diminuíu en 20 puntos entre as que non teñen menores.

Entre o PDI con menores de 12 anos, o 85,1 % das mulleres continuaron co traballo remoto, mentres que os compañeiros, coa mesma situación familiar, regresaron en maior proporción ao traballo presencial.

Táboa 19. Volta ao traballo presencial despois do estado de alarma segundo teñen fillas ou fillos menores de 12 anos por sexo


	Con fillas e fillos menores de 12 anos		
	Mulleres	Homes	Total
Si, de forma voluntaria	10,6 %	36,6 %	22,7 %
Si, pero non de forma voluntaria, xa que prefería continuar co traballo remoto	0,0 %	0,0 %	0,0 %
Non, continuou traballando desde a casa	85,1 %	61,0 %	73,9 %
Outro	4,3 %	0,0 %	2,3 %
Ns/Nc	0,0 %	2,4 %	1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

As persoas enquisadas prefiren, nun escenario futuro, o traballo presencial na universidade (44,7 %). No seu caso, o traballo en remoto é unha fórmula válida sempre que se desenvolva en combinación co traballo presencial (34,5 %).

Só o 16,4 % estaría disposto a continuar co traballo remoto sempre que se mellorasen as condicións laborais e o 9,8 % faríao de darse outras condicións máis facilitadoras para asumir os coidados no fogar.

Gráfico 11. Preferencia polo traballo remoto nun futuro. Datos en porcentaxes



Base: Total de persoas que responden ao cuestionario (275)

A preferencia pola fórmula do traballo presencial foi sinalada máis polas mulleres (45,6 %) ca polos homes (43,7 %). Poder regresar á universidade permítelles separar realmente a vida laboral da familiar.

Mesmo ante a posibilidade de combinar o traballo presencial e remoto, a preferencia é maior entre homes ca entre as mulleres. A experiencia non resultou satisfactoria para as mulleres, tal e como constatan nas respostas recollidas noutros apartados:

Entonces volver a la normalidad o aspirar a una mínima normalidad en lo laboral cuando no tienes que hacer con los niños... Vamos con niños pequeños es imposible, personalmente en mi caso me he visto en la necesidad de requerir de ayuda externa para poder dar clases, con niños pequeños es imposible, si no tienes a alguien que te los atienda que aparezcan por aquí, una mano de un niño, me caí..., me pasó esto, me pasó lo otro (M3. 35-44 anos. Monomarental con dous fillos menores de 12 anos).

E hai determinadas cousas do *on line* que se poden aproveitar, por exemplo determinadas titorías, non ter que subir ao campus para falar tres cousas e poder facelo a través dunha videoconferencia, pero para cousas puntuais (H1. 45-54 anos. Parella cun fillo e cunha filla maiores de 12 anos).

Táboa 20. Preferencia polo traballo remoto nun futuro segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Si, por suposto	8,7 %	9,5 %	9,1 %
Si, cando menos parcialmente	32,2 %	37,3 %	34,5 %
Si, no caso de mellorar as condicións laborais	13,4 %	19,8 %	16,4 %
Si, no caso de que diminúa as miñas responsabilidades de coidados e atención no fogar	10,1 %	9,5 %	9,8 %
Non, prefiro traballar presencialmente na universidade	45,6 %	43,7 %	44,7 %
Ns/Nc	0,7 %	1,6 %	1,1 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

No caso do coidado de menores, a opción do traballo presencial acadou valores similares á combinación co traballo remoto (37,5 % e 36,4 %) e sempre que diminúan as responsabilidades de coidados e de atención no fogar.

Táboa 21. Preferencia polo traballo remoto segundo teñan fillas ou fillos menores de 12 anos. Datos en porcentaxes

	Si	Non	Total
Si, por suposto	9,1 %	9,2 %	9,1 %
Si, cando menos parcialmente	36,4 %	34,1 %	34,5 %
Si, no caso de mellorar as condicións laborais	15,9 %	16,8 %	16,4 %
Si, no caso de que diminúa as miñas responsabilidades de coidados e atención no fogar	22,7 %	3,8 %	9,8 %
Non, prefiro traballar presencialmente na universidade	37,5 %	48,1 %	44,7 %
Ns/Nc	1,1 %	0,5 %	1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (con menores de 12 anos: 88, sen menores de 12 anos: 185, total: 275)

A experiencia do traballo remoto, nas condicións que se produce durante o estado de alarma, reflectiu un menor grao de satisfacción entre as mulleres ca entre os homes. Para o 29 % das mulleres a experiencia resultou nada satisfactoria, porcentaxe que se reduciu ata o 18,3 % nos homes. Entre o colectivo masculino o grao de satisfacción foi maior (37,3 % algo satisfactorio e 34,1 % bastante satisfactorio).

Tan só o 7,6 % do persoal PDI entrevistado manifestou a súa satisfacción total coa experiencia de traballo en remoto, en porcentaxes similares para mulleres e homes.

O traballo desde a casa aforrou tempos nos desprazamentos. A oferta formativa da universidade desenvólvese en tres campus (Pontevedra, Ourense e Vigo) e unha


porcentaxe importante do seu persoal docente e investigador desprázase diariamente para impartir clases ou realizar actividade investigadora nas tres cidades. Reducir desprazamentos implicou dispoñer de máis tempo para o traballo, mellorando a súa calidade de vida:

Dou clase en Pontevedra e vivo en Santiago. En época normal viaxo todos os días, dúas horas, ademais de levar antes de ir ao traballo as miñas fillas... Ademais creo que o tema das novas tecnoloxías, a non presencialidade en todo momento, poder atender seminarios, moitas cousas, sen moverte de casa fai que aforres tempo, e aforres tamén cansazo, eu estaba farta de conducir... Foron dúas horas ao día que eu aproveitaba para traballar, o que pasa é que foi esgotador (M3. 45-54 anos. Parella con fillas maiores de 12 anos).

Son PDI, profesora titular e dou clase en Ourense e vivo noutra provincia e con problemas... O mesmo que falaba a miña compañeira, durante o curso desprazándome unha hora máis ou menos ao traballo (M4. 35-44 anos. Parella con fillas menores).

E ten algún compoñente bo, se tiña xuntanza en Santiago había que *axendar* e agora estás no despacho facendo algo e en cinco minutos xa estás (H1. 45-54 anos. Parella cun fillo e filla maiores de 12 anos).

Gráfico 12. Grao de satisfacción coa experiencia do traballo remoto segundo o sexo. Datos en porcentaxes




Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Producción científica e investigadora

Algo máis do 85 % das persoas enquisadas desenvolveu actividade científica ou investigadora ao longo do último ano, e foi lixeiramente maior entre as mulleres (89,2 %) ca entre os homes (82,5 %).

Gráfico 13. Desenvolvemento de actividade científica no último ano segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Por grupos de idade, constátase unha maior produción científica e investigadora entre as persoas máis novas. A necesidade de sumar méritos para a carreira profesional condiciona unha maior participación do persoal menor de 35 anos que precisa acrecentar méritos.


Táboa 22. Desenvolvemento de actividade científica no último ano segundo os intervalos de idade. Datos en porcentaxes

	Menores de 35 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	Maiores de 54 anos	Ns/Nc
Si	96,6 %	85,0 %	86,0 %	83,0 %	75,0 %
Non	3,4 %	10,0 %	13,2 %	17,0 %	0,0 %
Ns/Nc	0,0 %	5,0 %	0,8 %	0,0 %	25,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (menores de 35 anos: 29, de 35 a 44 anos: 60, de 45 a 54 anos: 129, maiores de 54 anos: 53, ns/nc: 4)

No tempo que durou o estado de alarma, a actividade investigadora redúcese e só o 65,8 % das persoas enquisadas lles dedicou tempo á revisión e ao envío de artigos. As persoas que non dedicaron tempo sinalaron a carga docente e as dificultades para conciliar como principais razóns.

Gráfico 14. Revisión ou envío de artigos/publicacións durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes



Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (237)

A fenda de xénero resultou evidente á hora de analizar o tempo dedicado á revisión de artigos durante o estado de alarma. Aínda que o 65,8 % do PDI enquisado realizou actividade investigadora, a porcentaxe de mulleres redúcese ao 58,6 %, alegando maiores dificultades por atender o traballo docente, as tarefas de conciliación e ver diminuída a súa capacidade de concentración.

Pola contra, os homes mantiveron a actividade investigadora nun 75 % dos casos, e entre o colectivo dos que non realizaron investigación (11,5 %) xustificaron que non tiñan proxectos planificados sobre os que traballar durante o estado de alarma.

As investigadoras entrevistadas manifestaron ter dificultades para traballar en artigos, mesmo tiveron que pospoñelos para outros momentos:

E respecto aos artigos que lidero eu téñoos todos parados, teño un volume especial que teño que entregar o 30 de novembro e nin teño todos os datos aínda nin comecei a escribir nada... Tiña todo un ano para enviar o día 30, para facelo con calma, e ao final non puiden comezar nada desgraciadamente. Imaxino que estarei, pois setembro, outubro, novembro como unha moto para intentar chegar aos prazos que me marcan (M3.45-54 anos. Parella con dúas fillas maiores de 12 anos).

Liderei un dos artigos ao principio (da pandemia) pero agora o que trato é de colaborar coas miñas compañeiras (M3.45-54 anos. Parella con dúas fillas maiores de 12 anos).


Táboa 23. Revisión ou envío de artigos/publicacións durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Si	58,6 %	75,0 %	65,8 %
Non, resultoume difícil por cuestións de conciliación	13,5 %	5,8 %	10,1 %
Non, porque non o tiña planificado	6,0 %	11,5 %	8,4 %
Non, resultoume difícil pola saturación de traballo docente	19,5 %	7,7 %	14,3 %
Non, por falta de concentración	10,5 %	2,9 %	7,2 %
Ns/Nc	2,3 %	0,0 %	1,3 %

Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (mulleres: 133, homes: 104, total: 237)

Entre as persoas que mantiveron a actividade investigadora durante o estado de alarma, nove de cada dez traballaron en artigos e publicacións de carácter internacional e o 34 % en publicacións nacionais. Non se aprecian diferenzas por sexo.

Gráfico 15. Tipo de artigos ou publicacións enviados durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas que enviaron artigos ou publicacións científicas durante o estado de alarma (mulleres: 78, homes: 78, total: 156)

Algúns académicas tiveron que paralizar a actividade investigadora, e as que foron quen de sacar adiante investigación foi a costa de pasar por moitas dificultades e situacións estresantes:

No meu caso parece que avanzou moito pero porque ía avanzar de todas formas. Tiña uns artigos aí pendentes para saír e xusto saíron nos primeiros dous meses do confinamento e tiña catro artigos en revisión e saíron os catro, pero realmente

o que é no confinamento parouse todo..., o que prioricei foron as clases (M2. 35-44 anos. Parella con fillos menores de 12 anos).

Eu creo que a pesar de todo eu fun capaz de cumprir cos compromisos que tiña pero porque tiñas unhas datas para entrega de traballo..., pero, claro, custoume moito sufrimento, moita sobrecarga de traballo, pero cheguei (M3.45-54 anos. Parella con dúas fillas maiores de 12 anos).

Durante o estado de alarma resultaron máis evidentes as diferenzas entre mulleres e homes no que respecta ao volume de artigos ou publicacións remitidas. Mentres os homes indicaron ter traballado nunha media de 2,24 publicacións de carácter internacional e 1,74 nacional, as mulleres só sinalaron unha media de 2,06 publicacións internacionais e de 1,65 nas nacionais.

Táboa 24. Media e suma de artigos/publicacións nacionais e internacionais remitidas durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Media			Suma		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Publicacións internacionais	2,06	2,24	2,15	144	157	301
Publicacións nacionais	1,65	1,74	1,70	43	47	90

Base: persoas que enviaron artigos ou publicacións científicas durante o estado de alarma (156)


Entre as PDI con fillas e fillos menores de 12 anos a media de artigos foi máis baixa (1,98 internacionais e 1,39 nacionais) ca entre o grupo sen menores (2,22 e 1,86, respectivamente).

A variación do número de artigos e de publicacións científicas enviadas respecto do cuadrimestre anterior ao estado de alarma diminúe ao 43,6% entre as investigadoras e tan só o 30 % sinalou que o volume de artigos fora o mesmo.

A porcentaxe de homes entre os que se reduciu o número de artigos é do 28,8 %, quince puntos menos ca as mulleres, mentres que mantiveron o volume de publicacións o 48,1 %, dezaoto puntos por riba das mulleres.

Entre o colectivo de PDI que sinalaron ter revisado maior número de artigos e de publicacións son menos as mulleres (15,8 %) ca os homes (18,3 %).

Gráfico 16. Variación do número de artigos/publicacións entre o anterior cuadrimestre e o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (mulleres: 133, homes: 104, total: 237)

As persoas con responsabilidades familiares e ao coidado de menores viron diminuído significativamente (50 %) o volume de artigos e de publicacións, porcentaxe que foi do 30,4 % entre o persoal sen fillas ou fillos.

Diferenzas que resultaron acusadas entre mulleres e homes con fillas e fillos a cargo. Sete de cada dez mulleres con menores viron diminuído o volume de artigos respecto ao cuadrimestre anterior ao estado de alarma. Entre os homes a porcentaxe foi de tres de cada dez. Mesmo os homes viron acrecentado o volume de artigos nun 17,1 % e tan só o 5 % nas mulleres.

Táboa 25. Variación do número de artigos/publicacións entre o anterior cuadrimestre e o estado de alarma segundo teñen fillas ou fillos menores de 12 anos e sexo. Datos en porcentaxes

	Con fillas ou fillos menores de 12 anos		
	Mulleres	Homes	Total
Aumentou	5,0 %	17,1 %	10,7 %
Foi o mesmo	20,0 %	45,7 %	32,0 %
Diminuíu	70,0 %	28,6 %	50,0 %
Ns/Nc	5,0 %	8,6 %	6,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas con fillos ou fillas menores de 12 anos que desenvolveron actividade científica no último ano (mulleres: 40, homes: 35, total: 75)

A valoración, en termos xerais, que fixo o persoal PDI enquisado respecto do nivel de actividade investigadora durante o estado de alarma é que esta se viu afectada negativamente, reducíndose para cinco de cada dez entrevistados.

As mulleres acusaron un maior impacto da súa actividade investigadora, derivada da situación de confinamento; o 33,8 % sinala que diminuíu considerablemente e o 24,1 % que algo. O impacto na actividade investigadora dos homes resultou máis atenuada e só o 16 % di ter diminuído considerablemente.

O número de casos entre os homes que indicaron que a actividade se mantivo é o 32,7 %, o dobre ca entre as mulleres (18 %).


Nas entrevistas mantidas coas mulleres PDI tan só unha investigadora (sen fillas ou fillos) recoñeceu aumentar a produción científica e investigadora:

No meu caso máis actividade investigadora. Ben é o caso que non teño fillos, e a miña carga de coidados é mínima e, polo tanto, a miña actividade investigadora aumentou enormemente durante o estado de alarma (M1. Menos de 35 anos. Comparte vivenda cun familiar. Non ten fillas/fillos).

No seu caso os homes entrevistados puideron centrarse durante o confinamento para avanzar nas súas investigacións:

Na docencia levei ben a investigación, que xa lle dedico os momentos libres ao cargo, pois seguí facendo o mesmo, as cousas que tiña pendentes pois saíron adiante. Non se veu afectada e nunca traballei tanto en investigación na miña vida porque tivemos un mes para elaborar a investigación, crear a plataforma *on line*, facer a distribución tipo bóla de neve, e moi ben..., puideron dedicar máis tempo á investigación que noutros momentos (H2 45-54 anos. Parella con dúas fillas, unha maior e outra menor de 12 anos).

Gráfico 17. Variación da actividade investigadora durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (mulleres: 133, homes: 104, total: 237)

O tempo dedicado á actividade investigadora diminuíu ata nun 65 % no PDI con fillos e fillas menores, e dobrou a porcentaxe de casos na opción de reducirse considerablemente respecto dos que non tiñan menores. Entre este grupo o 28 % viu aumentado o tempo de dedicación á investigación.

Táboa 26. Variación da actividade investigadora durante o estado de alarma segundo teñen fillos ou fillas menores de 12 anos. Datos en porcentaxes

	Si	Non	Ns/Nc	Total
Non, diminuído considerablemente	38,7 %	19,9 %	100,0 %	26,2 %
Non, diminuído algo	26,7 %	24,2 %	0,0 %	24,9 %
Mantívose igual	20,0 %	26,7 %	0,0 %	24,5 %
Si, aumentou algo	6,7 %	17,4 %	0,0 %	13,9 %
Si, aumentou significativamente	2,7 %	10,6 %	0,0 %	8,0 %
Ns/Nc	5,3 %	1,2 %	0,0 %	2,5 %
Total	100,0 %	100,0%	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (con menores de 12 anos: 75, sen menores de 12 anos: 161, ns/nc: 1, total: 237)

As mulleres con menores a cargo diminuíron considerablemente a actividade investigadora nun 55 % dos casos, e un 20 % no grupo de homes coas mesmas responsabilidades.

As manifestacións das mulleres PDI participantes na entrevista veñen a corroborar estes datos:

Vin moi reducida a miña capacidade investigadora, son a que ten os nenos máis pequenos agora mesmo, co cal son máis dependentes e deixan espazos moi breves de tempo para que eu poida concentrarme nas tarefas e, por exemplo, si que me chegou ao inicio do confinamento a revisión dun artigo que mandara e tiven que pedir unha extensión para poder entregar, porque resultaba imposible concentrarme durante máis dunha hora sen ter as interrupcións constantes (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).


Fenda científica e o seu impacto na carreira profesional

Atender as responsabilidades da nova situación familiar e de coidados no fogar, así como os problemas de falta de concentración, son as principais razóns que afectaron ás persoas enquisadas, e isto reduciu a actividade investigadora.

O 35,5 % sinalou que a nova situación no fogar afectou moito e o 28,1 % dixo que bastante. No caso da falta de concentración, o 28,1 % tivo un impacto alto e o 24,8 % algo menor.

Menos influencia tivo o feito de non poder acceder ao espazo de traballo presencial na universidade ou non contar cos medios necesarios. As dificultades derivadas para coordinarse cos equipos de investigación tiveron menor impacto.

Gráfico 18. Grao de influencia de determinadas situacións na diminución do tempo de investigación durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes



Base: persoas que diminuíron o seu tempo de investigación durante o estado de alarma (121)

Os homes achacaron en maior porcentaxe o efecto negativo que tivo a situación no fogar (sete de cada dez consideraron que lles afectou moito ou bastante) e algo menos no caso das mulleres (seis de cada dez), se cadra por unha maior capacidade de adaptación ao ter normalizado a conciliación de coidados e a actividade profesional.

As mulleres víronse afectadas máis pola pouca capacidade de concentración e os homes achacaron problemas de coordinación.

No resto de categorías, como non poder acceder ao espazo de traballo (ou o desexo de volver ao traballo presencial), tivo maior impacto nos homes (45,5 %) ca nas mulleres (32,5 %).

Táboa 27. Porcentaxe de persoas que indican que tiveron «moita ou bastante» influencia as seguintes situacións na diminución do tempo de investigación durante o estado de alarma por sexo

	Mulleres	Homes	Total
Pola nova situación familiar e xestión do fogar	59,7 %	70,5 %	63,6 %
Non dispor dos medios necesarios	36,4 %	43,2 %	38,8 %
Non poder acceder ao espazo de traballo da universidade	32,5 %	45,5 %	37,2 %
Dificultades para coordinarme	24,7 %	31,8 %	27,3 %
Falta de concentración e menor capacidade	54,5 %	50,0 %	52,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que diminuíron o seu tempo de investigación durante o estado de alarma (mulleres: 77, homes: 44, total: 121)

Cando se teñen responsabilidades de coidado de fillos e fillas menores, a falta de disposición de tempo foi a razón principal da diminución da activade investigadora tal (91,8 %). Aumentou tamén a falta de concentración, sinalada polo 63,3 % das persoas enquisadas con menores.

Entre o grupo de mulleres investigadoras que participaron na entrevista, déronse casos nas que tiveron que solicitar prórrogas ou, no peor dos casos, paralizar proxectos de investigación:

Menos mal que pedimos unha solicitude de prórroga no proxecto con todo isto e menos mal que foi concedida porque non eramos capaces de avanzar (M3. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Si que tiñamos pendente comezar algún artigo novo ou algún traballo novo e iso si que quedou paralizado (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Táboa 28. Grao de acordo, moito ou bastante, coas razóns da diminución da actividade investigadora segundo teñan ou non fillas ou fillos menores de 12 anos. Datos en porcentaxes


	Menores de 12 anos	Sen menores de 12 anos	Ns/Nc	Total
Menor dispoñibilidade de tempo pola nova situación familiar e xestión do fogar	91,8 %	43,7 %	100,0 %	63,6 %
Non dispor dos medios necesarios (técnicos ou acceso a recursos)	22,4 %	49,3 %	100,0 %	38,8 %
Non poder acceder ao espazo de traballo da universidade onde desenvolvo a actividade científica	24,5 %	45,1 %	100,0 %	37,2 %
Dificultades para coordinarme con outras persoas do equipo de investigación	28,6 %	26,8 %	0,0 %	27,3 %
Falta de concentración e capacidade para desenvolver correctamente o meu traballo	63,3 %	45,1 %	100,0 %	52,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (con menores de 12 anos: 75, sen menores de 12 anos: 161, ns/nc: 1, total: 237)

A maior dedicación da actividade docente maior acordo no efecto para atender a actividade investigadora. Entre os homes o efecto foi menor.

Volvendo ao dato de que as mulleres dedicaron máis tempo á docencia en liña ca os homes (58,4 % das mulleres e 50 % de homes dedicaron máis de dúas horas ao día) supón ter menos tempo de atención para a actividade investigadora (41,4 % das mulleres e 29,8 % nos homes).

Gráfico 19. Grao de acordo sobre o efecto da actividade docente en liña na variación do tempo e atención á actividade investigadora por sexo. Datos en porcentaxes




Base: Persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (Mulleres: 133, Homes: 104, Total: 237)

A diminución do tempo de dedicación á actividade docente e investigadora, e o menor volume de artigos publicados, supón contar con menos opcións para conseguir financiamento para desenvolver novos proxectos.

Aínda que unha porcentaxe do 16 % do PDI descoñece ou mostrou incertezas respecto deste impacto, a maioría considera que vai ser negativo. As mulleres ven o futuro máis difícil e ao redor do 50 % está moi e bastante de acordo coas dificultades que se poden atopar.

Os homes viron reducida a actividade investigadora en menor porcentaxe ca as mulleres, e o 18 % considera que se poden ver afectados, aínda que a maioría indica que o impacto será menor (26,9 % algo de acordo).

Gráfico 20. Grao de acordo sobre as dificultades de financiamento por non dedicarlle tempo á actividade investigadora segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: Persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (Mulleres: 133, Homes: 104, Total: 237).

Nas entrevistas este tema é medular e as mulleres participantes manifestaron as incertezas que viven, a competitividade que existe para continuar coa carreira investigadora e a penalización da maternidade por parte dun sistema no que se prioriza a produción e que acrecenta a fenda de xénero:

Estou xusto no momento no que teño que ter a maior produtividade para poder ter algunha opción na seguinte fase, na seguinte convocatoria, co cal a min nestes momentos, un artigo máis, un artigo menos, é a posibilidade de seguir na ciencia ou non, tal e como están as cousas, porque todas sabedes que hai *cuchillos* para poder sacar un seguinte contrato. Entón é moi diferente dependendo tamén da etapa na que te atopas ou te pillase toda esta situación (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).


Este parón me puede afectar a las perspectivas profesionales, a que me concedan una beca o no, o a que me inviten a dar una conferencia, pero mi puesto de trabajo no peligra. Pero si te pilla esto en una etapa de transición o una etapa pos doctoral donde lo que se prima es la productividad, a pesar de todo, por mucho que se diga vamos a tener en cuenta los períodos de maternidad y tal, yo realmente no me creo que sea igual sobre todo cuando hay convocatorias como las que se prima es la capacidad de liderazgo, que es la capacidad de liderazgo? Es lo que cres tu en una persona en su potencial..., pero si tienes niños muy pequeños de repente tu potencial empieza a desaparecer a pasos agigantados, entonces lo veo difícil para la gente más joven que está empezando la carrera (M7. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Hay cosas muy difíciles de compartir y es un problema que los hombres no van a tener y que es un mundo muy, muy competitivo. Tener 10 artículos puede marcar que esa persona tenga un trabajo y tú no, que le den un proyecto y a ti no, entonces

yo creo que no es un problema solo de covid, sino que esta situación ha sacado alguna cosa más pero que ya estaba ahí (M7. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

No período no que dura o estado de alarma tan só solicitaron proxectos o 14,3 % das persoas investigadoras e máis homes (18,3 %) ca mulleres (11,3 %).

Gráfico 21. Solicitude de proxectos de investigación durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes



Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (237)

Táboa 29. Solicitude de proxectos de investigación durante o estado de alarma segundo o xénero. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Si	11,3 %	18,3 %	14,3 %
Non	86,5 %	80,8 %	84,0 %
Ns/Nc	2,3 %	1,0 %	1,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que desenvolveron actividade científica no último ano (mulleres: 133, homes: 104, total: 237)

Os homes (18,3 %) presentaron máis solicitudes a proxectos de investigación ca as mulleres (11,3 %). Tamén produciron maior volume de proxectos internacionais (0,68), de entrada de maior proxección e recoñecemento profesional, ca os de carácter nacional.

Táboa 30. Media e suma de proxectos presentados durante o estado de alarma. Datos en porcentaxe por sexo

Media	Suma			Suma		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Proxectos nacionais	0,93	0,74	0,82	14	14	28
Proxectos internacionais	0,33	0,68	0,53	5	13	18

Base: persoas que solicitaron proxectos durante o estado de alarma (34)

Na entrevista mantida coas mulleres PDI manifestáronse as dificultades que tiveron para investigar, como se viu afectada en determinados momentos vitais (no caso da maternidade) e como o sistema académico dificulta o seu desenvolvemento profesional ao non aplicar factores correctores:

Que a institución estude factores correctores da produción nos indicadores da produción científica, na produción da transferencia nalgunha maneira para non ver reducido o recoñecemento das investigadoras na institución (M5. 35-44 anos. Monomarental, con dous fillos menores de 12 anos).

Entón os poucos métodos que existen actualmente para compensar as mulleres investigadoras e docentes neste tema nin sequera a Universidade de Vigo as aplica... Entón buscamos mecanismos que nos compensen e a universidade non está poñendo nada da súa parte con isto, porque non temos nin sequera o apoio da universidade (M6, 35-44 anos. Parella con fillos menores de 12 anos).

Dentro da actividade investigadora, e na lóxica do traballo colaborativo con outras persoas, o contacto co equipo de traballo continuou durante o estado de alarma co apoio de ferramentas en liña.

Aínda que o 50 % das persoas enquisadas dedicoulle entre media hora e unha hora, a frecuencia de contacto co equipo ou colegas viuse reducida significativamente e ao redor do 50 % sinalou que o contacto foi menos regular. Neste caso, as mulleres mantiveron o contacto co grupo de investigación, mesmo mantense, por riba dos homes.

O uso de plataformas para manter xuntanzas en liña resultaron algunhas das prácticas empregadas:

Utilizabamos ferramentas como Skype principalmente, campus remoto no caso da miña docencia, pero Skype nas reunións e organizabamos sempre semanalmente (M1. Menos de 35 anos. Convive cun familiar. Non ten fillas/fillos).

Con todo, os horarios marcados para as xuntanzas non foron os máis idóneos e as incertezas de contar con tempo por atender as criaturas dificultou a participación das mulleres nos espazos virtuais de traballo e nos encontros mantidos co grupo de investigación:

Era complicadísimo porque as outras compañeiras eran tamén nais e de nenos máis pequenos que as miñas, entón era ás 10 non porque unha tiña que conectarse coa clase da filla e axudarlle a facer os deberes, despois era a hora da merenda... Entón entre as tres mulleres que estabamos no grupo tiñamos que buscar un momento para poder poñernos de acordo, complicadísimo (M3. 35-44 anos. Parella cos dous fillos menores de 12 anos).

A comunicación, *bueno*, maiormente por Skype, tamén é certo que tiñamos prevista unha reunión que el estivese aquí antes da pandemia e que tivo que suspenderse, loxicamente; entón viuse moi repercutido nese sentido (M6.35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).


A mi el tema de la colaboración el confinamiento no nos ha afectado mucho porque colaboramos con grupos de investigación en diferentes partes del mundo y estamos muy acostumbrados a trabajar online (M7.35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Os homes entrevistados comentaron a sobrecarga de reunións e o cansazo acumulado por ter que alongar a xornada laboral:

No traballo presencial tes un horario, pero aquí era a inmediatez... Ás oito da tarde videoconferencia de cinco minutos..., o domingo, hai que preparar para mañá non sei que..., e tiña que ser ás 9 porque un non sei canto, outro... *Neso* si que o notei un montón (H1. 45-54 anos. Parella cun fillo e cunha filla maiores de 12 anos).

Eu estou nunha facultade onde o único que precisamos son ordenadores para traballar, non temos laboratorios onde teñamos que estar e basicamente fas o traballo igual que antes na facultade, as xuntanzas pasaron de ser virtuais a ser presenciais, pero nese sentido tampouco nos afectou moito (H2. 45-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

Gráfico 22. Frecuencia de contacto co equipo de investigación ou colegas de traballo durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

As mulleres (33,6 %), máis ca os homes (21,4 %), non percibiron afastamento ou distancia co equipo de investigación, e mantiveron unha relación con certa regularidade. A maior porcentaxe de homes situouse na opción algo de afastamento (40,5 %) e reduciuse no caso das mulleres (29,5 %).

A boa sintonía co equipo de colaboración, o feito de compartir circunstancias familiares e as dificultades para conciliar facilitaron a complicitade entre compañeiras, adaptando horarios e asumindo tarefas que as investigadoras non conseguían resolver:

Agora o que trato é de colaborar coas miñas compañeiras porque elas están máis ou menos coma min, incluso están peor cos nenos máis pequenos (M3. 45-54 anos. Parella con fillas maiores de 12 anos).


...unha compañeira que me facilitou moitísimo o traballo a ese nivel porque entendía perfectamente a miña situación. Entón si que concordo con que este tipo de axuda, pois que o agradeces moitísimo porque che salva a vida moitas veces e te sentes, non sei, arroupada ou acompañada psicoloxicamente, que alguén te está entendendo na túa situación (M4.35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Pero *bueno*, fóronse adaptando ás miñas restricións horarias, que *si* as clases dos nenos, entón pois *bueno*, fomos arranxando (M5. 35-44 ano. Monomarental. Dous fillos menores de 12 anos).

Tamén neste mesmo proxecto temos unha compañeira que ademais é amiga..., vive soa e viu incrementado o seu tempo de investigación durante estes meses e ela tirou un pouco da miña parte, botoume unha man e asumiu unha parte do meu traballo, da miña carga, para non *ralentizar* tanto o avance do proxecto (M6 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Yo colaboro en grupos con IP con niños pero más grandes y que saben lo que es tener niños más pequeños, incluso hay un colaborador que acaba de tener un bebé e incluso el pobre anda más desesperado que nosotros, pues eso, comprensión por ahí y que te echen una mano, pues bueno, la hay (M7. M6 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Gráfico 23. Grao de acordo sobre o afastamento respecto ao equipo de investigación ou colegas de traballo durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Aínda que se manteñen dinámicas colaborativas, a imposibilidade de non poder manter encontros presenciais, os límites de tempo para as xuntanzas, ou mesmo o descoñecemento de como sacarles maior rendemento ás reunións telemáticas condicionaron a calidade do traballo en equipo:

Ao principio do confinamento as reunións eran diarias pero logo vimos que os avances non eran tan significativos como para manter esa periodicidade e pasamos a dúas (reunións) á semana, pero sempre traballando conxuntamente en videochamadas que duraban seis horas seguidas (risas) (M1. Menos de 35 anos. Convive cun familiar. Non ten fillas/fillos).

O que si nos cambiou foi o patrón de traballo, pois de ser moi colaborativos e de ser moi sinérxicos como investigadores moi horizontais e de facer reunións semanais, discutiamos..., aprendiamos das fortalezas de uns e outros, agora fixéronse compartimentos estanco: ti procesas, eu interpreto, ti escribes e iso illados, compartimento estancos. Seguimos colaborando, pero desta outra maneira que a min persoalmente penso que nos empobrecemos (M5. 35-44 anos. Monomarental. Dous fillos menores de 12 anos).

Tiñamos prevista unha reunión que el (*director do equipo de investigación*) estivese aquí antes da pandemia e que tivo que suspenderse loxicamente. Entón viuse moi repercutido nese sentido (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

No seu caso, as mulleres entrevistadas coincidiron en sinalar como as circunstancias persoais e familiares, a falta de concentración e o cansazo acumulado (delas mesmas ou de compañeiras na mesma situación) condicionou o traballo do grupo de

investigación. Resultoulles complicado ter que sacar adiante as súas tarefas, repercutindo no ritmo e no cumprimento de obxectivos das investigacións nas que participaban:

Pero las cosas que teníamos que avanzar de nuevo pues están un poco paradas. Y si que he visto..., yo también reconozco que yo tampoco tenía yo iniciativa para hacer cosas nuevas, pues porque la situación que tenía..., con lo que tenía ya me llegaba sin meterme en cosas nuevas o liderar cosas nuevas, reuniones y demás (M2. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Era complicadísimo porque as outras compañeiras eran tamén nais e de nenos máis pequenos que as miñas (M3. 45-54 anos. Parellas con fillas maiores de 12 anos).

Entón o que fixemos foi continuísta... Si que había plans que quedaron apartados..., porque todos estamos na mesma situación, moito problema doméstico (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Por sorte o director é unha persoa que para traballar é moi comprensiva neste sentido pero, *bueno*, si que tivo digamos el que pasar outro proxecto que tiña con outra xente por diante do meu porque eu avanzaba a un ritmo máis lento (M6. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

3.3. Fenda de coidados e feminización do traballo doméstico

Analizamos neste apartado algúns aspectos concretos relacionados coas responsabilidades na crianza e na atención das fillas e fillos menores.

Das persoas enquisadas, e segundo o tipo de fogares, son os conformados por unha única persoa adulta (58,3 %), monomarentais e monoparentais, e os fogares formados por parella (53,1 %) as que maior porcentaxes concentran de fillas e fillos menores de 12 anos. A porcentaxe baixa ao 20 % no caso das familias extensas.


Táboa 31. Fillas e fillos menores de 12 anos segundo o tipo de fogar. Datos en porcentaxes

	Monomarental/ Monoparental	Parellas con fillas/Familia composta	Familia extensa	Total
Si	58,3 %	53,1 %	20,0 %	32,0 %
Non	41,7 %	46,9 %	80,0 %	67,3 %
Ns/Nc	0,0 %	0,0 %	0,0 %	0,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (monomarental/monoparental: 12, parellas con fillos/familia composta: 145, familia extensa: 15, total: 275)

O 56,8 % dos fogares con menores só teñen unha filla ou fillo menor de 12 anos e o 40,9 % teñen dúas ou dous fillos nesta franxa de idade.

Gráfico 24. Distribución do número de fillas e fillos menores de 12 anos segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

Segundo o sexo das persoas enquisadas, a media de número de fillas menores de 12 anos é de 1,49 nos homes e de 1,43 nas mulleres.

Táboa 32. Media do número de fillas e fillos menores de 12 anos por sexo

	Media
Mulleres	1,43
Homes	1,49
Total	1,45

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

Atendendo ao tipo de fogar, o número de fillas e fillos menores de 12 anos concéntrase nas familias monom(p)arentais (1,86), por riba das familias con parellas e compostas (1,44) e das familias extensas (1,00).

Táboa 33. Media do número de fillas e fillos menores de 12 anos segundo o tipo de fogar

	Media
Monomarental/Monoparental	1,86
Parellas/Familia composta	1,44
Familia extensa	1,00
Total	1,45

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (monomarental/monoparental: 7, parellas/familia composta: 77, familia extensa: 3, total: 88).

A idade media de fillas ou fillos menores de 12 anos é relativamente baixa (sitúase nos 6,62 anos), algo máis elevada no caso dos menores fillas ou fillos de homes (7 anos) ca no de mulleres (6,28 anos).

Nas familias monom(p)arentais a idade media das fillas e fillos é 8,5 anos, e baixa aos 6 anos nas familias extensa.

Táboa 34. Número de fillas e fillos menores de 12 anos segundo o tipo de fogar. Datos en medias

	Idade media
Monomarental/Monoparental	8,48
Parellas con fillos/Familia composta	6,44
Familia extensa	6,00
Total	6,62

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (monomarental/monoparental: 7, parellas/familia composta: 77, familia extensa: 3, total: 88)

A maternidade supón para as mulleres a redución dos tempos do traballo profesional. Os primeiros anos da crianza de fillos e fillas requiren dunha atención e coidados que as parellas (pais) non son quen de atender:

Pero ás veces hai etapas nas vidas dos nenos..., que cando son pequenos entre o 1 e os 5, a partir dos 5 o podes compartir máis entre pai e nai, e tes que ir ao cole, e ao médico porque queren que vaias ti e para min foi súper complicado. E ao final acabas esgotada e ao final se dis que si a todo o traballo pois falo pola noite. E teño varios compañeiros da miña idade e vexo que a cousa non é así. Eles tómanos con máis relax, desvincúlense máis dos nenos. Entón estes 3 ou 4 anos que vives cos nenos pegados a ti, pois eles vívenos con máis liberdade (M4, 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Teño dous nenos pequenos de 15 meses e que non podo perder de vista, e o maior non ten aínda os catro anos co cal tamén é moi pequeno... Sodes todas nais e, en

xeral, polo que comentades, os nenos nesta etapa están mamá, mamá, mamá... Non porque seu pai non poida encargarse deles, pero *bueno* é unha situación natural dos nenos (M6.35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

No meu caso teño neno e nena de 15 e 12 anos e son moi autosuficientes, entón non tiven que axudarlles cos estudos nin nada. Imaxino que cando tiñan 6 ou 3 anos ou algo así, isto podía ser unha situación totalmente diferente, pero *bueno*, colleume nunha situación onde os nenos non teñen problema (H1. 45-54 anos. Parella con fillo e filla maiores de 12 anos).

O núcleo duro da investigación somos 5, 3 mulleres e 2 homes e estaban aquí. De feito ás veces por cuestión de familia pois se ás 8 unha non podía porque tiña que..., pero ninguén fallou, nin homes nin mulleres deixamos de ter xuntanzas por culpa das cargas familiares. Adaptámonos todos (H2. 45-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

Teño compañeiras que decidiron non ter fillos e, claro, non podo competir con elas, podo competir con elas fomentando outro tipo de cousas, pero non podo competir con artigos, no primeiro de fillo e teño que facer artigos un pouco máis pequenos para poder abarcar todo o que teño que facer (M4 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

No caso dos homes, tiveron máis apoios, pero non só analizando o momento actual, do estado de alarma. En xeral, o modelo universitario e de investigación acrecenta as desigualdades e a fenda de xénero:

Non sei se o cambio está en marcha ou non, pero creo que en xeral os varóns, si que é certo que os meus compañeiros da facultade teñen mulleres que traballan na empresa privada e eles están máis centrados na familia, porque teñen máis flexibilidade (M3. 45-54 anos. Parella con dúas fillas maiores de 12 anos).

Isto non é algo illado, é dicir, que esta situación de desigualdade, non sei se vós a vivides, pero eu vívoa todos os días. Eu teño compañeiros da miña facultade que agora xa están indo ao seu despacho e eu non estou indo (M4 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Hay cosas muy difíciles de compartir y es un problema que los hombres no van a tener. (M7. 35-44 anos. Monomarental con dous fillos menores de 12 anos).

As responsabilidades de coidados víronse modificadas por canto antes do estado de alarma os centros educativos deixaron de funcionar, asumindo as familias os coidado principais. Durante o estado de alarma aumentou o reparto de responsabilidades, no caso de ter parella, pero tamén as mulleres asumiron estas responsabilidades, dos coidados e traballo reprodutivo, cun maior tempo de dedicación ca antes do estado de alarma. Con todo, as percepcións de homes e mulleres resultan contraditorias.

En efecto, as variacións entre homes e mulleres son significativas. Antes do estado de alarma, as mulleres eran as coidadoras principais (21,3 %) e apenas só o 5 % dos homes indicaron asumir esta responsabilidade de maneira principal.

Cando se estableceu o estado de alarma, aumentou a carga nas mulleres, e máis no caso das mulleres con menores de 12 anos, as cales recoñecen (50 %) que atenderon en exclusiva os fillos e fillas, fronte ao 17 % dos homes.

Os homes argumentaron, maioritariamente, o coidado compartido coas parellas, tanto antes do estado de alarma (63,4 %) coma durante (70,7 %). Pola contra, as mulleres indicaron que as súas parellas asumiron o coidado de forma compartida nunha menor proporción (31,9 % antes e 40,4 % durante o estado de alarma).

Táboa 35. Responsabilidade do coidado diario dos menores de 12 anos segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Antes do estado de alarma		Durante o estado de alarma	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Home
A miña parella	2,1 %	7,3 %	2,1 %	4,9 %
A outra proxenitora/O outro proxenitor	6,4 %	14,6 %	6,4 %	7,3 %
Centros educativos, escolas infantís	21,3 %	7,3 %	0,0 %	0,0 %
Eu mesma/Eu mesmo	27,7 %	4,9 %	51,1 %	17,1 %
Nai e pai por igual	31,9 %	63,4 %	40,4 %	70,7 %
Outras coidadoras non remuneradas da familia	8,5 %	2,4 %	0,0 %	0,0 %
Persoas coidadoras remuneradas	2,1 %	0,0 %	0,0 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)


As tarefas de apoio aos estudos dos fillos e fillas, cos centros pechados e avoas e avós que non poden axudar por ser grupo de risco, vai esixir de maior apoio e dedicación por parte das familias. Seis de cada dez persoas enquisadas con menores dedicáronlle moito máis tempo ca antes do estado de alarma, con similares porcentaxes entre mulleres e homes. Aínda que no contexto normalizado as mulleres asumían xa unha maior dedicación á atención de menores, cando sinalan que no estado de alarma dedicaron bastante máis tempo, non é comparable coa percepción dos homes, posto que o seu grao de implicación e tempo de dedicación é menor.

Segundo as entrevistas os PDI homes dedicáronlle menos tempo ca no caso das súas parellas, en parte polas idades das fillas e fillos:

No meu caso teño neno e nena de 15 e 12 anos e son moi autosuficientes, entón non tiven que axudarlles cos estudos nin nada (H1. 45-54 anos. Parella con fillo e filla maior de 12 anos).


Eu desde o primeiro momento intentei que todo fora exactamente igual que sen confinamento; pola mañá tiñan que estudar (H2. 45-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

Gráfico 25. Tempo de apoio ao estudo das fillas e fillos durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

Gráfico 26. Tempo de dedicación xeral ao coidado das fillas e fillos durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas que teñen fillas ou fillos menores de 12 anos (mulleres: 47, homes: 41, total: 88)

Coidados a persoas dependentes

Apenas o 5 % das persoas enquisadas convivió con persoas dependentes durante o estado de alarma, en total 13 casos, sete mulleres e seis homes.

Táboa 36. Convivencia con persoas dependentes durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Si	4,7 %	4,8 %	4,7 %
Non	94,6 %	93,7 %	94,2 %
Ns/Nc	0,7 %	1,6 %	1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)


Na maioría dos casos a convivencia foi cunha soa persoa dependente, e só se deu o caso de dúas persoas, tratándose de persoas maiores con idade media de 79,3 anos, algo máis elevada nas mulleres dependentes (media de 80,5 anos).

Táboa 37. Número de persoas dependentes coas que convivió durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Un	71,4 %	100,0 %	84,6 %
Dous	28,6 %	0,0 %	15,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que conviviron con persoas dependentes durante o estado de alarma (mulleres: 7, homes: 6, total: 13)

Gráfico 27. Idade media das persoas dependentes coas que convivió durante o estado de alarma segundo o xénero



Base: persoas que conviviron con persoas dependentes durante o estado de alarma (mulleres: 7, homes: 6, total: 13)

O coidado das persoas dependentes antes do estado de alarma recaeu, a partes iguais, entre a propia persoa enquisada coa colaboración da parella, ou ben por parte de persoas coidadoras remuneradas. Coas restricións durante o estado de alarma (peche de servizos de coidados e limitada a mobilidade), mudaron as responsabilidades nos coidados, asumíndose no 61,5 % dos casos exclusivamente por unha única persoa, ou ben a parte iguais co apoio da parella no 30,8 %.

Táboa 38. Responsabilidade do coidado de persoas dependentes antes e durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes

	Antes do estado de alarma	Durante o estado de alarma
Por min	23,1 %	61,5 %
Entre a miña parella e eu, por igual	23,1 %	30,8 %
Pola miña parella	0,0 %	7,7 %
Outras coidadoras non remuneradas da familia	7,7 %	0,0 %
Persoas coidadoras remuneradas	23,1 %	0,0 %
Outro	7,7 %	0,0 %
Non procede (non convivía con ningunha persoa dependente)	15,4 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que conviviron con persoas dependentes durante o estado de alarma (13)

Antes do estado de alarma, as mulleres recorreron a persoas coidadoras remuneradas para atender as persoas dependentes e os homes indicaron facelo a partes iguais coa súa parella. Ao chegar o estado de alarma, a situación das mulleres mudou radicalmente, asumindo o coidado en exclusiva. Os homes mantiveron a colaboración da parella.

Táboa 39. Responsabilidade do coidado de persoas dependentes antes e durante o estado de alarma por sexo. Datos en números

	Antes do estado de alarma			Durante o estado de alarma		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Por min	2	1	3	7	1	8
Entre a miña parella e eu, por igual	0	3	3		4	4
Pola miña parella	0	1	1		1	1
Persoas coidadoras remuneradas	3	0	0	0	0	0
Outras	2	0	0	0	0	0
Total	7	6	13	7	6	13

Situación que se traduce nun maior volume nos tempos coidados das mulleres, cando os homes sinalaron, maioritariamente, que o seu tempo non se veu alterado e foi o mesmo ca antes do estado de alarma.

Táboa 40. Variación do tempo do coidado das persoas dependentes durante o estado de alarma. Datos en porcentaxes


	Mulleres	Homes	Total
Moito máis tempo	85,7 %	33,3 %	61,5 %
Mesmo tempo ao coidado ca antes	14,3 %	50,0 %	30,8 %
Menos tempo ca antes	0,0 %	16,7 %	7,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que conviviron con persoas dependentes durante o estado de alarma (mulleres: 7, homes: 6, total: 13)

Á marxe de convivir con persoas maiores dependentes e coidar delas durante o estado de alarma, tamén se deron situacións doutro tipo de coidados e apoios a persoas non conviventes dirixida á xestión de compras, mantemento dos vínculos afectivos ou, en xeral, estar pendentes delas. O 47 % do PDI enquisado asumiu estas tarefas, relacionadas con desprazamentos frecuentes ou mantendo contacto telefónico para atender as súas necesidades. Nas respostas non se aprecian diferenzas significativas entre mulleres e homes.

Entre as persoas enquisadas con intervalos de idade maiores, e no colectivo sen fillos e fillas menores, asúmense máis tarefas de coidados respecto doutros grupos.

Gráfico 28. Realización dalgún tipo de coidado a persoas dependentes durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes




Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Traballo remoto e conciliación

En xeral, conciliar o traballo remoto coa vida laboral e familiar resultou unha tarefa complicada para o 60 % das persoas enquisadas e foi moi difícil para o 17,4 % das mulleres, e só para o 7,1 % dos homes. Na categoría difícil acumúlase o maior volume de resposta, o 51,6 % de homes e o 44,3 % das mulleres.

Ao redor do 30 % resultoulles fácil e ao 5 % moi fácil. Unha porcentaxe do 7,9 % de homes non responde.

Gráfico 29. Valoración da conciliación do traballo remoto coa vida laboral e familiar segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Nas entrevistas realizadas as mulleres PDI manifestaron abertamente as dificultades polas que pasaron para conciliar o traballo remunerado co coidado e coa xestión do fogar, ás que se sumaron as tarefas de atención, responsabilidades educativas e de apoio escolar:

Teño dous fillos, esta pandemia global para as investigadoras a verdade que desde o meu caso está sendo no meu caso moi duro, xa que as escolas están cerradas entón é ter que compaxinar traballo como o noso en investigación co tema de ser nai á parte profesora dos teus fillos, cocinheira e demais... Levar uns horarios e demais a verdade que si, que para min foi e está sendo duro (M2, 35-44 anos. Parella con fillos menores).

Vamos con niños pequenos es imposible, personalmente en mi caso me he visto en la necesidad de requerir de ayuda externa para poder dar clases, con niños pequeños es imposible, si no tienes a alguien que te los atienda que aparezcan por aquí, una mano de un niño, me caí..., me pasó esto, me pasó lo otro. Entonces esto para mi ha supuesto una dificultad enorme compatibilizar actividad laboral con

cuidados familiares (M5. 35-44 anos. Monomarental con dous fillos menores de 12 anos).

Familias monoparentais e monomarentais, e as parellas con fillas e fillos, manifestaron maior dificultade, mentres que resultou máis fácil conciliar entre as unipersoais e as parellas sen fillos/as.

Táboa 41. Valoración da conciliación do traballo remoto coa vida laboral e familiar segundo o tipo de fogar. Datos en porcentaxes

	Unipers.	Mono.	Parellas con fillos	Parellas sen fillos	Familia extensa	Comparten vivenda	Ns/Nc
Moi difícil	4,2 %	33,3 %	15,2 %	6,2 %	20,0 %	25,0 %	0,0 %
Difícil	33,3 %	33,3 %	56,6 %	41,5 %	40,0 %	0,0 %	40,0 %
Fácil	37,5 %	25,0 %	24,1 %	41,5 %	33,3 %	25,0 %	10,0 %
Moi fácil	4,2 %	8,3 %	2,1 %	7,7 %	6,7 %	0,0 %	30,0 %
Ns/Nc	20,8 %	0,0 %	2,1 %	3,1 %	0,0 %	50,0 %	20,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que responden o cuestionario (unipersoal: 24, mono.:12, parellas con fillos: 145, parellas sen fillos: 65, familia extensa: 15, comparten vivenda: 4, Ns/Nc: 10, total: 275)

As dificultades para compaxinar o traballo remoto e cuidados reproducíuse en oito de cada dez persoas con menores de 12 anos a cargo, porcentaxe que baixa a cinco de cada dez das que non teñen menores.

Táboa 42. Valoración da conciliación do traballo remoto coa vida laboral e familiar segundo teñen fillas ou fillos menores de 12 anos. Datos en porcentaxe

	Con menores de 12 anos	Sen menores de 12 anos	Total
Moi difícil	27,3 %	5,9 %	12,7 %
Difícil	56,8 %	43,8 %	47,6 %
Fácil	12,5 %	37,8 %	29,5 %
Moi fácil	2,3 %	6,5 %	5,1 %
Ns/Nc	1,1 %	5,9 %	5,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Base: persoas que responden o cuestionario (con menores de 12 anos: 88, sen menores de 12 anos: 185, Ns/Nc: 2, total: 275)

Maior dificultade para conciliar entre as nais de menores de 12 anos (36,2 % sinala moita dificultade) ca no caso dos pais (17,1 %). Para os homes resultou fácil ou moi fácil no 19,5% dos casos e só no 10,6 % das mulleres. Parece que as nais conciliaron permanentemente ao longo do día e os homes só puntualmente.

Táboa 43. Persoa responsable das tarefas do fogar durante o estado de alarma.
Datos en porcentaxes

	Eu en maior medida	A miña parella en maior medida	A partes iguais	Outros membros da familia	Non procede	Ns/Nc	Total
Xestión e organización do fogar en xeral (carga mental)	43,3 %	9,1 %	37,8 %	3,6 %	4,0 %	2,2 %	100,0 %
Limpeza e ordenación do fogar en xeral	36,7 %	17,1 %	35,6 %	4,0 %	4,0 %	2,5 %	100,0 %
Limpeza do baño	34,9 %	24,4 %	26,9 %	7,3 %	4,0 %	2,5 %	100,0 %
Elaboración de comidas	41,1 %	23,6 %	22,5 %	6,2 %	4,0 %	2,5 %	100,0 %
Recoller e limpar a cociña	45,5 %	15,6 %	26,5 %	6,2 %	4,0 %	2,2 %	100,0 %
Listaxe da compra	46,5 %	18,2 %	27,6 %	1,5 %	4,0 %	2,2 %	100,0 %
Compra en liña	33,8 %	13,1 %	13,1 %	0,7 %	28,7 %	10,5 %	100,0 %
Compra presencial	46,2 %	23,3 %	21,8 %	1,5 %	4,7 %	2,5 %	100,0 %
Limpeza e colocación da compra	36,7 %	15,6 %	38,2 %	3,3 %	4,0 %	2,2 %	100,0 %
Lavado e desinfección da roupa	42,9 %	20,4 %	23,6 %	6,2 %	4,0 %	2,9 %	100,0 %
Pasar o ferro	29,8 %	26,2 %	12,7 %	8,7 %	15,6 %	6,9 %	100,0 %
Ordenación de armarios	35,3 %	19,6 %	31,6 %	1,1 %	8,4 %	4,0 %	100,0 %
Bricolaxe/Xardinaría	33,8 %	15,6 %	13,5 %	2,9 %	26,9 %	7,3 %	100,0 %
Paseo de mascotas	8,0 %	4,7 %	5,5 %	2,2 %	63,3 %	16,4 %	100,0 %
Coidados emocionais e afectivos dos membros do fogar	21,8 %	5,5 %	48,7 %	0,7 %	14,5 %	8,7 %	100,0 %


Base: persoas totais que responden o cuestionario (275)

A feminización do traballo doméstico evidencia unha desigual carga das responsabilidades nos fogares. Da ampla batería de actividades vinculadas coas tarefas de coidados e xestión do fogar as mulleres asumiron maioritariamente todas elas a excepción da compra presencial e as actividades de bricolaxe e de xardinaría. A fenda de xénero acentuouse nas tarefas máis esixentes como a xestión en xeral do fogar (64,4 %), a ordenación de armarios (63,1 %), o lavado e a desinfección de roupa, limpeza en xeral do fogar, limpeza do baño ou preparación da comida (50,3 %). A ordenación e a limpeza da cociña recaeu tamén nas mulleres.

Pola contra, os homes fixeron máis a compra en liña e mesmo na compra presencial participaron máis ca as mulleres, nun momento como no estado de alarma no que a saída da casa podía supoñer un alivio ao confinamento. Maior diferenza houbo á hora de atender tarefas vinculadas ao ocio como as de bricolaxe e xardinaría (53,2 %).

Os coidados e a atención das persoas menores e dependentes tivo tamén un nesgo de xénero, ao recaer no 33 % das mulleres fronte ao 11,1 % dos homes.

Gráfico 30. Porcentaxe de persoas que indican «eu en maior medida» na responsabilidade de tarefas segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: Persoas totais que responden ao cuestionario (Mulleres: 149, Homes: 126, Total: 275).

Poucas mulleres entrevistadas afirmaron abertamente que o desempeño das tarefas de coidados e xestión do fogar foran desenvoltas de forma corresponsable polas súas parellas. Mesmo intúese ter asumido unha maior carga de tarefas (tradicionalmente feminizadas) mentres os homes realizan menos actividades domésticas:

E con respecto ao meu compañeiro houbo total colaboración, o que pasa que xogamos con esa desvantaxe de que os nenos prefiren a nai, pero non é por falta de colaboración do meu compañeiro, el saía a comprar moitas veces, encargábase da comida, *bueno* cando eu non podía, si que houbo colaboración (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

En canto á carga de traballo, teño a sorte de que a miña parella a verdade que colabora ao mesmo nivel ca min na casa, aínda que cos nenos pequenos (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Pero eu fago o que podo na medida do tempo que teño... Nese sentido non nos supuxo moito esforzo máis que unha mellor organización porque xa o faciamos

normalmente... Equilibrio nunca hai..., sempre lle toca máis peso á muller, pero si intentamos..., digamos que subxectivamente eu intento que haxa equilibrio pero o que pasa que ela sempre subxectivamente me di que nunca hai equilibrio (H2. 45-54 anos. Parella cunha filla maior e outra menor de 12 anos).

É verdade que durante o confinamento estiven bastante *agobiado* e ela non traballaba porque estaba pechado o centro e entón de maneira pactada si que levou ela o peso das cousas da casa e agora xa volvemos de novo á volta á normalidade. Si que houbo un desequilibrio pero pactado e sen ningún problema (H1. 45-54 anos. Parella con filla e fillo maiores de 12 anos).

Atender os coidados emocionais provocou situacións de estres e sobrecarga nas mulleres. Mesmo aínda que as fillas ou fillos sexan adolescentes, hai que xestionar outro tipo de atencións e de coidados derivados do tempo e do tipo de consumo das novas tecnoloxías:


Non teño o problema de ser profesora pero si teño que facer de psicóloga... Para empezar si separalas das pantallas, que fagan algo de exercicio..., algo de saúde mental porque era terrible isto... Entón isto xeroume estrés emocional, ademais a casa, todas as compras, cociñar a diario, e todo sen axuda (M3.45-54 anos. Parella con fillas maiores de 12 anos).

Eu cos nenos..., teño unha queixa, é que o sistema educativo trasladou aos pais todo ese labor de profesores. Non sei se todas o vivimos pero eu por exemplo era moitas veces quedar polas noites gravando audios para as clases dos meus fillos (M4. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Tengo dos niños pequeños, uno de 4 otro de 7, y entonces bueno todo este proceso además de la carga docente y de la carga de gestión, pues hubo que añadir las labores domésticas, la cocina, la tensión, la logística, la labor educacional, en fin todo eso (M5. 35-44 anos. Monomarental con dous fillos menores de 12 anos).

O 73 % das mulleres dedicoulles máis tempo ás tarefas do fogar, cando a porcentaxe dos homes non chegou ao 60 %. Claro está que o 30,2 % dixo dedicarlles o mesmo tempo ca antes:

Gráfico 31. Dedicación do tempo ás tarefas do fogar durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Entonces no solo las horas de colegio sino las de darles de comer al mediodía, darles las meriendas... que de repente no solo tienes niños en casa todo el día, sino que tienes que preparar las cosas, limpiar más entonces, ha aumentado todavía más las tareas domésticas que tenías diarias (M7. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

Durante o estado de alarma, as parellas das persoas enquisadas traballaron en remoto nun 41,8 % dos casos e en menor proporción ca o PDI (88,4 %). Foron máis numerosos os casos das parellas de PDI homes (46 %) que traballaron desde a casa ca no caso das parellas PDI mulleres (38,5 %). Se temos en conta que o 99 % dos fogares da mostra formados por parellas con fillas son heterosexuais, as investigadoras tiveron que asumir maiormente as tarefas de coidados derivados dunha maior presencialidade no lugar de traballo das súas parellas (homes). Pola contra, os investigadores varóns contaron con maior presenza (e apoio) das súas parellas (mulleres) no fogar, dispoñendo, probablemente, dun maior tempo de dedicación ao seu desempeño laboral.

Mesmo que as parellas das PDI desenvolveran o traballo desde a casa non asegura que os coidados se fagan de forma corresponsable. Na entrevista realizada ao grupo de mulleres PDI evidenciáronse mellores condicións, por parte das súas parellas masculinas, para atender o traballo remunerado baixo a fórmula en remoto:

O meu marido estaba na casa con teletraballo tamén pero estaba con chamadas constantes polo teléfono e tiven que estar eu pendente dos nenos e demais porque el non podía interromper as chamadas telefónicas (M2. 35-44 anos. Parella con fillas e fillos menores de 12 anos).

E papá podía desaparecer para teletraballar durante catro, cinco horas seguidas e os nenos non botaban en falta a súa ausencia, pero en canto eu me encerraba na *habitación* e intentando teletraballar un pouco, escoitábao chorar... (M6. 35-44 anos. Parella con fillas e fillos menores de 12 anos).

Eu teño o meu compañeiro que si está na casa e que fai cousas pero ás veces hai etapas nas vidas dos nenos..., que cando son pequenos entre o 1 e os 5, a partir dos 5 pódelo compartir máis entre pai e nai (M4 35-44 anos. Parella con fillas e fillos menores de 12 anos).

Casualmente as parellas dos homes PDI que participaron na entrevista estiveron na casa durante o estado de alarma, mesmo paralizada a súa actividade laboral polo estado de alarma:

A miña parella... estivo sen traballar... Entón nese sentido si que non tiven problema (H1. 45-54 anos. Parella con filla e fillo maiores de 12 anos).

Táboa 44. Situación laboral da parella durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes

	Mulleres	Homes	Total
Traballo remoto	38,3 %	46,0 %	41,8 %
Combinación de traballo remoto e traballo presencial	11,4 %	11,1 %	11,3 %
Asistir presencialmente ao seu traballo	12,8 %	9,5 %	11,3 %
Afectada/afectado por un ERTE de redución de xornada/suspensión temporal de contrato	4,0 %	4,8 %	4,4 %
Outras	9,5 %	11,8 %	1,5 %
Non procede	19,5 %	8,7 %	14,5 %
Ns/Nc	3,4 %	4,8 %	4,0 %
Outro	1,3 %	3,2 %	2,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %


Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Dispoñibilidade de tempos e de espazos propios

A desigualdade nas responsabilidades asumidas afectou na dispoñibilidade de tempo para a vida persoal e os autocoidados, e as mulleres viron penalizados os seus espazos de descanso durante o estado de alarma de forma significativa. Cinco de cada dez mulleres enquisadas afirmaron non dispoñer de tempo para elas, diminuindo ata quince puntos no caso dos homes (34,9 %).

Os homes mantiveron, no 24,6 % dos casos, o tempo de descanso que tiñan antes do estado de alarma, é dicir, moi por riba do tempo de ocio das mulleres.

Gráfico 32. Dispoñibilidade de tempo para si mesma/mesmo durante o estado de alarma segundo o sexo. Datos en porcentaxes



Base: persoas totais que responden o cuestionario (mulleres: 149, homes: 126, total: 275)

Segundo o tipo de fogar, familias extensas (60 %), monoparentais (58,3 %) e parellas con fillas e fillos (52,4 %) dispuxeron de menos tempo propio.

No caso de ter fillas e fillos menores de 12 anos a porcentaxe das persoas que non dispuxeron de tempo de ocio ou descanso para elas ascendeu ao 63,6 %, e o 72,6 % foron entre as mulleres (nais) e o 48,8 % nos homes (pais), ata vinte e catro puntos menos.

Non dispor de tempo propio para unha mesma foi mencionado no grupo de mulleres entrevistadas:

Cualquier cosa que requiere concentración, escribir artículos o proyectos o trabajar en investigación se hace muy complicado y he ido sacando producción como dicen las compañeras a base de trabajo que ya estaban en marcha e ir acabando y a base de no dormir y de no tener ni un segundo de tiempo libre en tu día a día... Sigo sin dormir, sin tener actividades de ocio, sin hacer deporte, porque con niños pequeños (M7. 35-44 anos. Parella con dous fillos menores de 12 anos).

O único que notaba era o que dicía antes, no traballo presencial uns días acabas ás sete da tarde e outros acabas ás 9 pero sabías que cando saías era para ter o teu tempo na casa fora pouco, fora moito, non? Pero iso si que desapareceu, era dedicación total desde que te *levantabas* ata volver pola noite á cama, entón ese tempo para ti ou para estar coa familia tamén se notaba (H1. 45-54 anos. Parella con filla e fillo maiores de 12 anos).

3.4. Comentarios e achegas das persoas enquisadas

O cuestionario recollía un apartado final onde as persoas enquisadas podían formular comentarios ou aclaracións respecto dos datos achegados. Neste sentido, resultou significativo o volume de comentarios que as persoas enquisadas achegaron (35 mulleres e 5 homes) e que recollemos neste apartado visibilizando as experiencias persoais que reflicten as dificultades manifestadas polas PDI no desenvolvemento da actividade profesional durante o estado de alarma. Situacións que concordan cos datos analizados da enquisa, que principalmente as mulleres manifestan, respecto das numerosas barreiras coas que se atoparon cando houbo que conciliar e se viron sobrecargadas pola docencia e obrigadas a deixar de lado a actividade científica e investigadora.

Entre as achegas e as propostas do grupo de mulleres:

No referido á redución do tempo propio e de ocio, aumento de carga docente e de xestión e os efectos sobre a capacidade de concentración para realizar o traballo de investigación

A sensación continua foi de desbordamento de traballo docente, o que retirou tempo e concentración para a investigación, así como diminución do tempo do ocio, no meu caso a lectura. Lin menos durante o confinamento que antes del.

Estou nun equipo de dirección de centro e as actividades de xestión multiplicáronse exponencialmente. Ademais doutros prexuízos, afectaron aos horarios de traballo e fixeron inviable a investigación.

Tiven maior presión por parte doutros grupos de investigación cos que colaboro para rematar artigos pendentes. Na maioría dos casos estes colaboradores non tiñan docencia e querían aproveitar esa época para sacar adiante os artigos. Isto supuxo un aumento moi significativo do volume de traballo.

O traballo telemático ten unha forte carga mental e resulta moi absorbente, aínda non dedicándolle moitísimas horas á preparación ou execución das tarefas, o confinamento fixo que a produtividade caese en picado. Sendo investigadora predoutoral teño un nivel de esixencia en canto á produción que non puider acadar neste tempo.

Para poder facerlle fronte ao labor profesional e ao do fogar, todos os días da semana foron exactamente iguais e as franxas de traballo podían superar as 12 horas diarias. O tempo para os coidados persoais foi inexistente. O confinamento foi un exercicio de supervivencia.

Xornadas laborais longas e falta de tempo para atender tarefas derivadas da actividade profesional

A sensación de que non existían días de semana suficientes para atender as obrigas laborais.

A carga de ter que adaptarse á docencia en liña e preferencia pola fórmula presencial

A docencia en liña aumentou moitísimo o tempo dedicado á docencia e á atención do alumnado e, de non ser porque o grupo ía adiantado e avanzara moito durante a pouca docencia presencial que tivemos, tería sido imposible que alcanzasen os obxectivos da materia. As posibilidades que ofrece a aprendizaxe en liña non están á altura da docencia presencial.

En general, no me gusta el trabajo en remoto. La labor docente la concibe fundamentalmente en el aula y las tutorías presenciales.

O maior problema durante o estado de alarma foi debido ao cambio na docencia e uso de máis recursos virtuais, para os que non tiña preparación.

En xeral, o traballo remoto desbordou e non se puideron asegurar unhas mínimas condicións que facilitasen a conciliación coas responsabilidades domésticas

O traballo en remoto non serve cando hai que atender a coidados de menores. O nivel de estrés e esgotamento aumenta e redúcese o descanso por ter que adaptar horarios alongando xornadas.

A situación foi verdadeiramente difícil. Non se pode teletraballar, coidar dous nenos pequenos e atender a casa á vez, sen descanso durante meses. Foron semanas moi estresantes, sobre todo mentalmente. Por poñer un par de exemplos, tiven que teletraballar moitas noites coa miña nena no colo mentres lle daba o peito e tiven que usar a televisión como «coidadora» do meu fillo maior.

Creo que o teletraballo pode ser unha ferramenta moi útil que pode axudar as familias a conciliar. Non obstante, durante o estado de alarma ao ter que traballar e coidar dous nenos pequenos foi bastante complicado, crendo ademais que os meus fillos foron os grandes prexudicados ao non poder dedicarles o tempo que precisaban ao ter que cumprir coas miñas responsabilidades laborais.

Non contar con espazos propios e medios precarios dificultaron desenvolver con garantías o traballo en remoto

O ADSL no rural dificulta seriamente o teletraballo e calquera reunión *online*.

Insistir no complicado de impartir docencia *online* (con clases que se mantiveron con carácter síncrono e horarios de 3 a 9 da noite) empregando espazos comúns do fogar.

La mala conectividad de la red es un punto que no se ha tenido en cuenta en el trabajo remoto y en mi caso a obligado a trabajar a deshoras.

No disponía de los medios telemáticos ni de los dispositivos informáticos adecuados. No tengo conexión a internet, ni un ordenador moderno y muy adecuado en casa.

Un dos problemas máis graves foi a falta de material técnico para o desenvolvemento das clases e a total desatención por parte da universidade cara aos docentes.

A precariedade laboral e a falta de recoñecemento profesional das académicas

En mi caso soy profesora interina de substitución. La universidad sólo me considera personal docente (trabajo remunerado). A pesar de ello realizo labores de investigación dado que son méritos necesarios para poder acceder a concursos y contratos.

Es indispensable que esta circunstancia se vea reflejada en las futuras convocatorias de becas o estabilización de personal. Los investigadores postdoctorales que dependemos del CV para conseguir contratos, nos vemos afectados por la obligación del cuidado de niños, por lo que no podemos competir con investigadores sin niños a su cargo.

As cuestións formuladas polos homes PDI atenden aos seguintes aspectos:

Dificultades para conciliar traballo desde a casa e os coidados de menores

Afectación principal fue el cierre de los colegios desde el 13 de marzo y la ausencia simultánea de medidas de conciliación (permisos; posibilidad de pedir excedencias justificadas para atención de las niñas y niños).


El teletrabajo no es una medida de conciliación. Esta idea debería ser clara, y no lo ha sido en la universidad. Nuestra UVigo debería ser más receptiva a esta situación, y a los enormes problemas de convivencia y realización profesional que conllevó esta situación, que otras entidades. Se debe revertir esta situación.

Cargas da actividade e dificultade para o tempo de descanso

El no poder desconectar ha aumentado el trabajo, a parte de continuos nuevos protocolos y más de 30 documentos para leer y eso desgasta.

A fórmula da docencia virtual non foi unha opción válida

Síntome un claro defensor do modelo de docencia presencial.



Análise documental


4.1. A fenda de xénero nas publicacións

As primeiras análises, tanto no ámbito internacional coma no contexto español, están a mostrar como esa fenda de coidados se está a converter nunha fenda de xénero no envío de artigos para a súa publicación, así como nunha fenda na solicitude de proxectos de investigación entre homes e mulleres. Estes primeiros informes examinan o citado impacto en distintas disciplinas e repositorios de publicacións, que presentaremos a continuación. Hai que sinalar que desde marzo de 2020 se xeraron diversos estudos e publicacións nesta materia, aínda que se bota en falla un maior financiamento e interese público e privado en relación co impacto de xénero que está a ter a devandita pandemia para poder acceder a estudos cun carácter máis xeral que engloben distintas disciplinas. Esperamos que o presente informe colabore nunha compilación de datos que é esencial para ir construíndo unha diagnose do citado impacto de xénero da pandemia na investigación.

En termos xerais, podemos sinalar que, aínda que existen certas diverxencias en función das disciplinas específicas analizadas, as publicacións dos homes tenderon a incrementarse, mentres que no caso das mulleres tenderon a manterse ou incluso descender o seu volume de envíos de manuscritos. En primeiro lugar, recolleremos algúns informes con datos internacionais, para despois contextualizar os datos existentes no ámbito español.

Recentemente, unha reportaxe de Giuliana Viglione para a revista *Nature* (2020) mostraba que os datos preliminares que se están a recoller en diferentes contextos e disciplinas indican que as mulleres durante a pandemia están enviando menos artigos para publicar e comezando menos proxectos de investigación que, proporcionalmente, os seus colegas varóns. Por exemplo, os arquivos de repositorio consultados por Megan Frederickson (2020) en disciplinas STEM indican que considerando o período abril-maio do ano 2019 e comparándoo co mesmo período do ano 2020, as mulleres incrementaron os seus envíos de artigos nun 2,7 %, mentres que os homes incrementaron os seus envíos nun 6,4 %.

Gráfico 33. Incremento de publicacións por sexo, marzo-abril 2020-2019. En campos STEM: arXiv



Fonte: Frederickson (2020)


Desde outra disciplina, neste caso a economía, a Asociación Europea de Economía, dedicada a publicar artigos científicos sinala que, durante o primeiro mes de confinamento, os artigos que recibiron para a súa publicación por parte de homes académicos ou investigadores creceron sete puntos respecto a un ano antes. Os que recibiron de mulleres investigadoras baixaron exactamente na mesma cantidade, sete puntos (Minello, 2020).

Tamén o eido da astrofísica é un campo no que a covid-19 semella a estar tendo un efecto desproporcionado nas mulleres académicas, sinala Andy Casey (Kitchener, 2020), investigador de astrofísica na Universidade de Monash, quen analizou un número de envíos aos «servidores de preimpresión» da astrofísica, onde o persoal académico publica versións temperás dos seus *papers*. Casey comparou os datos de xaneiro a abril de 2020 co mesmo período de anos anteriores, e sinalou que detectou «ao redor dun 50 % máis de perda de produtividade entre as mulleres».

Por outra parte, noutros campos de coñecemento, como a filosofía ou a ciencia política, está acontecendo un proceso similar. Elizabeth Hannon, editora adxunta do *British Journal for the Philosophy of Science*, indicou un importante descenso de envíos de artigos de mulleres durante o mes de abril de 2020, uns datos que non observara previamente (Feminist Majority Foundation, 2020). Esta mesma fonte sinala que aínda que a revista *Comparative Political Studies*, unha revista que publica 14 veces ao ano, recibiu o mesmo número de envíos de mulleres este ano ca o ano pasado, o número de envíos de homes aumentou máis dun 50 %, segundo o seu coeditor David Samuels. Outras revistas só observaron unha diminución no número de artigos escritos en solitario presentados por mulleres: os envíos son estables para as mulleres que traballan como parte dun equipo.

Outro estudo, elaborado por Noriko *et al.* (2020) mostra o descenso de artigos publicados por mulleres na disciplina da economía, tras o impacto da pandemia da covid-19. En concreto, as autoras analizan catro fontes de datos, recollidos de xaneiro a abril nos anos seleccionados. A continuación, no gráfico podemos observar como o número medio de autoras descende no contexto da covid-19 do 20 % ao 14,6 %.

Gráfico 34. NBER e CEPR WP Series



Fonte: Noriko *et al.* (2020) a partir de National Bureau of Economic Research (NBER) e Working Papers Series and the Centre of Economic Policy Research (CEPR)

En segundo lugar, presentaremos a continuación unha enquisa realizada en España pola Unidade de Mulleres e Ciencia (UMYC, 2020), do Ministerio de Ciencia e Innovación, sobre o impacto do confinamento no persoal investigador. Esta enquisa tivo unha resposta de 1563 investigadores e investigadoras, pertencentes a organismos públicos de investigación. A sondaxe realizouse durante os días 2 ao 17 de xullo de 2020 de maneira en liña, cunha resposta dun 42 % de homes e un 58 % de mulleres. Os resultados da enquisa van na liña do exposto ata o de agora: o persoal investigador apunta nas súas respostas a que a fenda de xénero en tarefas domésticas e de coidado xa se daba antes do confinamento, os resultados confirman que a fenda se acentuou durante o confinamento, con máis mulleres asumindo as tarefas domésticas e de coidado en exclusiva. Segundo esta enquisa, durante o estado de alarma o 80,8 % do persoal investigador traballou desde a súa casa, un 14,9 % combinou o teletraballo co traballo presencial, e menos do 1 % realizou traballo presencial ou gozaba de permiso ou licenza por conciliación.

Os resultados da enquisa apuntan a que un 50 % das mulleres, fronte ao 20 % dos homes, se encargou en exclusiva da limpeza do fogar, mentres que o 43,8 % das

mulleres, fronte ao 18,3 % dos homes, asumiu principalmente as tarefas de coidado de persoas a cargo. O traballo de coidado compartido foi sobre todo para eles (70 %) e moito menos para elas (45,5 %).

Así mesmo, esta enquisa analiza o impacto desta fenda de xénero na produción científica. Ao redor do 33 % de mulleres fronte ao 25 % de homes considera que a súa produtividade científica se viu afectada polas responsabilidades domésticas e de coidados. Os resultados mostran que un 30,8 % do persoal investigador non presentou ningunha publicación durante o confinamento, porcentaxe que se desagrega nun 27,9 % de homes e un 33,1 % de mulleres. Do 69,2 % que si as presentaron, un 43,6 % de homes presentou dúas ou máis publicacións fronte ao 37,2 % de mulleres. Ademais deste datos sobre as publicacións, a enquisa analiza tamén o grao de estrés laboral vivido no confinamento: diferenciando por sexo, o 63,9 % das mulleres considera que foi máis complicado alcanzar os resultados esperados e/ou desenvolver as súas funcións, fronte ao 57,8 % dos homes; unhas porcentaxes ata o 71,3 % que se incrementan no caso de mulleres que posúen familiares ao seu cargo.

Para a Unidade de Mulleres e Ciencia, estes datos mostran que a desigual conciliación durante o confinamento se traduce en maiores dificultades para as mulleres á hora de desenvolver a súa actividade investigadora e nunha certa menor produción científica, o que no medio e longo prazo pode incidir negativamente na súa carreira profesional. Sen ser unha novidade, pois está sobradamente documentado na literatura especializada como a maternidade e os coidados asociados supoñen un dos freos importantes nas carreiras das científicas, durante a pandemia este desequilibrio saíu á luz de forma moi evidente. É dicir, este informe indica que aínda que a desigual dispoñibilidade de tempo para dedicarse á ciencia entre homes e mulleres xa era manifesta nas investigacións sobre xénero e ciencia; nesta ocasión, fíxose evidente nun curto espazo de tempo (UMYC, 2020: 3).

Este informe indica que nun modelo de carreira competitiva onde o número de publicacións é un dos maiores activos, o confinamento permitiu acumular puntos na carreira pola «produtividade» a quen non ten que conciliar, a quen tivo tempo dispoñible e de calidade para escribir, o cal supón un agravio comparativo evidente e un xeito de discriminación indirecta cara ás científicas. Certamente, este informe manifesta un impacto positivo do teletraballo de cara á igualdade: a redución da mobilidade nacional e internacional como un criterio de excelencia para acadar unha proxección internacional dos resultados científicos, que xa se detectara en moitos estudos, tiña un claro nesgo de xénero. Quedou patente que reducir a mobilidade é posible e que a internacionalización da ciencia non ten por que ser sinónimo de mobilidade internacional constante (UMYC, 2020: 4).

En definitiva, todos estes informes mostran, desde un enfoque global, que na actualidade estamos ante un incremento da desigualdade e da fenda de xénero na investigación. Partindo desta realidade, faise patente que o confinamento está reforzando os mecanismos de reprodución da desigualdade existentes xa con anterioridade, pero que agora resultan máis reforzados, incrementando exponencialmente este desequilibrio de partida.

Así, os procesos de exclusión das mulleres na investigación incrementáanse, pois cos recursos actuais todos os datos apuntan a que semella que a ciencia e as familias non son compatibles, o que xera que moitas investigadoras sintan que continuar coa súa carreira implica renunciar a ter fillas e fillos, ou a formularse abandonar a súa carreira académica (Mason *et al.*, 2013). Recentemente, o último informe «Mulleres no lugar de traballo» contextualizado en Estados Unidos (Sánchez-Silva, 2020) apunta que unha de cada catro mulleres está a considerar o que para moitas sería impensable hai apenas seis meses: abandonar a súa carreira profesional, algo que están a sopesar dous millóns de mulleres neste país. É clara a implicación social desta decisión para a igualdade entre mulleres e homes, que suporía un retroceso importante de logros que custaron moito obter. No caso das mulleres que son nais, unha de cada tres está pensando cambiar de carreira ou abandonala a causa do coronavirus.

4.2. O impacto da covid-19 nas publicacións españolas e de fala hispana

Os estudos preliminares, a pesar de recoller só algunhas disciplinas, alertaban, polo tanto, dunha desigualdade no envío de manuscritos ás revistas científicas.

Os datos compilados refírense, polo tanto, a autores e autoras que asinan manuscritos enviados a estas revistas, tanto se o artigo é de autoría colectiva coma individual. Como se pode observar a continuación, e como consecuencia da rama de revistas que responderon a nosa solicitude, existe unha porcentaxe de mulleres relevante como autora(s) dos manuscritos. De feito, en 2019, nas revistas compiladas, obsérvanse máis autoras ca autores. Porén, en 2020, como consecuencia do aumento moi notable de autores de manuscritos, existe unha maior porcentaxe de homes.

O noso estudo, como comentamos na metodoloxía, resulta dos datos recompilados por 11 revistas que nos permitiron comparar os envíos de artigos durante os meses de marzo a xuño desagregados por sexo, tanto para o ano 2019 coma en 2020. A recollida de datos dá uns resultados coherentes con outros estudos previos que fomos sinalando no apartado anterior: son os homes os que incrementaron dun xeito significativo a súa produción científica, aumentando en máis dun 38,1 % o volume de autores que envían manuscritos en 2020 con respecto ao ano 2019. Porén, as autoras só aumentaron nun 6,3 %, o que manifesta a desigualdade nos envíos de manuscritos por sexo.

Táboa 45. Autores/as de manuscritos enviados ás revistas españolas e de fala hispana

	Marzo 2019	a xuño, 2020	Marzo 2020	a xuño, 2020	Crecedemento porcentual interanual
Homes	215		297		38,1 %
Mulleres	223		237		6,3 %

Fonte: elaboración propia a partir das respostas das revistas

Estes resultados mostran que nas revistas tidas en conta o envío de manuscritos desde o comezo da pandemia de 2020 por parte de mulleres se mantivo bastante estable con respecto ao ano 2019. Non obstante, o resultado máis salientable da nosa compilación de datos é o grande aumento porcentual de envíos de manuscritos por parte dos investigadores varóns. Nun modelo de carreira competitiva onde o número de publicacións é un dos maiores activos, o confinamento, como vimos, permitiu acumular puntos na carreira pola «produtividade» a quen non ten que conciliar, a quen tivo tempo dispoñible e de calidade para escribir, o cal, segundo a UMYC (2020) supón un agravio comparativo evidente e unha forma de discriminación indirecta cara ás científicas.

O impacto desa diferenza de envíos por sexo terá que ser avaliada a medio e a longo prazo, xa que nas próximas avaliacións de investigación, solicitude de sexenios ou de proxectos de investigación poderá ter un efecto palpable.



Conclusiones

O estudo «Xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos da covid-19» tivo como obxectivo central analizar a fenda científica e a fenda de coidados no marco da covid-19, e o seu impacto no ámbito profesional, persoal e emocional nas mulleres e homes docentes e investigadores da Universidade de Vigo.

O certo é que a situación das mulleres nas universidades españolas mostraba, xa con anterioridade á pandemia da covid-19, unha clara diagnose de desigualdade de xénero. Os principais estudos realizados no ámbito estatal concluían unha evidente segregación horizontal e vertical das mulleres nas universidades españolas (Xarxa lives, 2019; UMYC, 2020) e a fenda de coidados que se reflicte nas enquisas do uso do tempo (INE, 2011). Dado este contexto previo, o noso obxectivo principal foi coñecer o impacto da covid-19 nas carreiras profesionais académicas de homes e mulleres.

Con este obxectivo, realizámoslle unha enquisa ao PDI da UVigo para analizar a percepción de homes e mulleres e de como a xestión dos coidados afectou o seu plano persoal e profesional. Esta enquisa contou cunha mostra de 275 cuestionarios, e foi maior a taxa de resposta entre as mulleres (54 %) ca con respecto aos homes (46 %). A través da enquisa levamos a cabo un seguimento da produción científica realizada por mulleres académicas e investigadoras da UVigo, antes e durante a covid-19.

Ao tempo, realizámoslles dúas entrevistas en grupo a homes e mulleres sobre esta temática para examinar as percepcións do impacto da pandemia dun xeito máis cualitativo.

Tanto na enquisa coma no traballo de campo cualitativo medimos unha serie de indicadores, tendo en conta fundamentalmente o sexo e a situación familiar da persoa enquisada. Todos estes indicadores, cando foi pertinente, foron medidos realizando unha comparación temporal da situación xerada durante o estado de alarma do 14 de marzo de 2020 con respecto ao mesmo período do curso 2019:

- As condicións de realización do traballo en remoto: volume de persoas que traballaron en remoto e/ou presencial; facilidades/dificultades; tempos e espazos dispoñibles para o traballo en remoto.
- Volume de traballo durante o estado de alarma: variación do tempo de traballo remunerado e tipos de cargas de traballo; modificación ou adaptación dos horarios; tipo de volta ao traballo presencial cando isto foi posible.
- Produción científica: variación da produción científica; variación no envío de manuscritos á publicación e solicitude de proxectos de investigación co mesmo período do ano anterior; mantemento das redes co equipo propio de investigación.
- Fenda de coidados: recoller a valoración e a percepción das mulleres e homes no efecto que tivo o estado de alarma decretado pola covid-19 na xestión dos coidados e como afecta o seu plano persoal e profesional; volume de horas dedicadas ao coidados; persoas coidadoras principais; tipo de tarefas de coidados realizadas; dificultade da conciliación co traballo en remoto.
- Benestar xeral: avaliar se esta situación provocou a redución dos tempos de descanso (horas de soño), os tempos para o coidado propio e a intensidade da

carga mental derivada das responsabilidades vinculadas ao traballo, aos coidados e a outras situacións sobrevidas.

Os resultados acadados na enquisa indican dun xeito claro como a fenda de coidados impactou na fenda de investigación entre homes e mulleres.

Un primeiro bloque da enquisa analiza as condicións nas que realizou o traballo en remoto. En primeiro lugar, hai que sinalar que os homes combinaron en maior porcentaxe o traballo en remoto co presencial (13,5 %), o dobre ca as mulleres (6 %). Elas traballaron máis desde a casa (92,6 %), case dez puntos por riba dos homes (83,3 %). Aínda que a maioría do PDI enquisado dispuxo dun espazo propio para o traballo, a situación foi máis precaria entre as mulleres (41,6 %) ca entre os homes (47,6 %). O feito de ter fillas e fillos reduce a posibilidade de contar cun espazo propio para desenvolver a actividade laboral. Tan só o 36,6 % das persoas pertencentes ao grupo de parellas con fillas e fillos dispoñen dun espazo para o seu uso.

Un maior uso da fórmula do traballo remoto das mulleres respecto dos homes PDI implica pasar máis tempo nos fogares e asumir as tarefas de responsabilidades domésticas e de coidados, maiores problemas para conciliar e sobrecargarse coas tarefas derivadas do traballo produtivo. Ademais, as condicións nas que se desenvolve a actividade profesional afecta maioritariamente as mulleres, sacrificando e denegándose un espazo propio ou, no mellor dos casos, tendo que compartir estancias e recursos con outras persoas do fogar.

Un segundo bloque examina o volume de carga de traballo durante o estado de alarma. Sete de cada dez persoas enquisadas reconece que o seu tempo de traballo durante o estado de alarma aumentou. En concreto, o 40,9 % das mulleres consideran que o traballo diario remunerado durante o estado de alarma aumentou en máis de dúas horas. No caso dos homes esta porcentaxe baixa lixeiramente ata o 35,7 %. Con todo, é importante sinalar que un 17 % de mulleres con menores a cargo afirman reducir considerablemente o tempo de traballo durante o estado de alarma, fronte ao 9,8 % dos homes con menores.

Claramente, a nova situación laboral de traballo remoto afectou significativamente as rutinas e os modos de organizarse do PDI, ben por razóns de coidados e atención no fogar, ben por adaptarse ás necesidades da actividade laboral. De novo as mulleres (39,6 %) máis ca os homes (34,9 %) van modificar os seus horarios para atender as necesidades da nova situación no fogar.

As mulleres, máis ca os homes, adaptáronse ao traballo en remoto, ás novas necesidades da docencia en liña, xuntanzas de coordinación etc., sobrecargándose e dedicándolle máis tempo ao traballo produtivo. Atenden estas responsabilidades profesionais pero en contraprestación, ou a cambio, de sacrificar a actividade investigadora e, polo tanto, afectando negativamente a carreira profesional.

Con respecto ao bloque de produción científica, no tempo que durou o estado de alarma a actividade investigadora redúcese e só o 65,8 % das persoas enquisadas dedicou

tempo á revisión e ao envío de artigos. Neste senso, a fenda de xénero resulta evidente á hora de analizar o tempo dedicado á revisión de artigos e publicacións durante o estado de alarma: os homes manteñen esta actividade investigadora nun 75 % dos casos, mentres que a porcentaxe de mulleres se reduce ao 58,6 %, alegando maiores dificultades por atender o traballo docente, as tarefas de conciliación e ver diminuída a súa capacidade de concentración.

Durante o estado de alarma resultan máis evidentes as diferenzas entre mulleres e homes no que respecta ao volume de artigos ou outras publicacións enviadas. Mentres os homes indican traballar nunha media de 2,24 publicacións de carácter internacional e 1,74 nacional, as mulleres envían unha media de 2,06 publicacións internacionais e de 1,65 nas nacionais. Por outra parte, relacionado coa actividade investigadora, durante o período do estado de alarma tan só solicitan proxectos o 14,3 % das persoas investigadoras e máis homes (18,3 %) ca mulleres (11,3 %).

A valoración en termos xerais do persoal PDI enquisado respecto do nivel de actividade investigadora durante o estado de alarma é que esta se viu afectada negativamente, reducíndose para cinco de cada dez persoas enquisadas. As mulleres indican un maior impacto da actividade investigadora e mesmo o 33,8 % sinala que diminuíu considerablemente. O impacto na actividade investigadora dos homes, aínda que tamén importante, resultou máis atenuado e só o 16 % di diminuír considerablemente.

Como aspecto positivo hai que sinalar que dentro da actividade investigadora e na lóxica do traballo colaborativo con outras persoas, o contacto co equipo de investigación forma parte das actividades do desempeño profesional do PDI e que continúa co apoio de ferramentas en liña durante o estado de alarma. Neste caso as mulleres seguen a manter o contacto e mesmo mantense por riba dos homes.

Nas entrevistas en grupo este tema adquire centralidade e as mulleres participantes manifestan as incertezas que viven, a competitividade para continuar coa carreira investigadora e a penalización da maternidade por parte dun sistema no que se prioriza a produción e acrecenta a fenda de xénero.

No bloque de fenda de coidados, detectamos, na liña doutros estudos como o da Unidade de Mulleres e Ciencia (2020), que as variacións entre homes e mulleres son significativas. Antes do estado de alarma as mulleres son as coidadoras principais (21,3 %) e apenas o 5 % dos homes indica asumir a responsabilidade de maneira central. Cando se establece o estado de alarma aumenta a carga das mulleres e máis do 50 % con menores de 12 anos atenden en exclusiva os fillos ou fillas, porcentaxe que se queda no 17 % dos homes. En xeral, conciliar o traballo remoto coa vida laboral e familiar resultou unha tarefa difícil ou moi difícil para o 60 % das persoas enquisadas; foi moi difícil para o 17,4 % das mulleres e para o 7,1 % dos homes. Resulta moi significativo que son elas as que máis responderon e con maior detalle a pregunta aberta do cuestionario, onde se amosa unha maior preocupación e malestar pola situación laboral, familiar e persoal derivada do confinamento e posconfinamento.

Relacionado con isto, a feminización do traballo doméstico evidencia unha desigual carga das responsabilidades nos fogares. Da ampla batería de actividades vinculadas coas tarefas de coidados e xestión do fogar as mulleres asumen maioritariamente todas elas a excepción da compra presencial e das actividades de bricolaxe e de xardinaría.

En definitiva, a desigualdade de responsabilidades asumidas afecta na dispoñibilidade do tempo para a vida persoal e os autocoidados, e as mulleres ven penalizado o seu tempo de descanso durante o estado de alarma de forma significativa. Cinco de cada dez mulleres enquisadas afirman non dispor de tempo para elas, diminuíndo ata quince puntos no caso dos homes (34,9 %).

Por último, e dun xeito complementario, ademais desta enquisa realizada co PDI da Universidade de Vigo, no marco do estudo «Xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos da covid-19» decidimos realizar unha análise do impacto da covid-19 no envío de artigos a revistas de fala hispana. O noso obxectivo consistiu en examinar se existiu unha desigualdade no envío de manuscritos por parte de homes e mulleres en revistas de fala hispana durante o período da pandemia. Analizamos, polo tanto, o envío de artigos por parte de autores e autoras de diferentes institucións e universidades. En concreto, responderon a nosa petición de datos 11 revistas, que nos proporcionaron os datos desagregados por sexo de todos os manuscritos recibidos de marzo a xuño en 2019 e en 2020. Os datos recompilados refírense, polo tanto, a autores e autoras que asinan manuscritos enviados a estas revistas, independentemente se o artigo é de autoría colectiva ou individual.

A maioría das revistas que nos proporcionaron estes datos foron revistas de ciencias sociais, o que explica o elevado número de mulleres como asinantes de manuscritos, ao ser unha rama de coñecemento feminizada. Aínda así, os resultados son contundentes: son os investigadores os que incrementaron dun xeito moi significativo a súa produción científica durante o estado de alarma, aumentando en máis dun 38,1 % o volume de manuscritos en 2020 con respecto ao ano 2019. Porén, as investigadoras só aumentaron o envío de manuscritos nun 6,3 %, o que manifesta a desigualdade nos envíos de manuscritos por sexo.

Os datos proporcionados por estas revistas dan uns resultados coherentes coa enquisa realizada ao PDI da Universidade de Vigo, onde se detectaba unha clara fenda de investigación (envíos de artigos científicos) entre homes e mulleres da UVigo.

Ademais, a pesar de que a nosa mostra foi limitada a 11 revistas, tamén coincide coa tendencia detectada con outros estudos similares, aínda que os nosos datos recollen unha fenda aínda maior ca o recollido noutros estudos internacionais. En termos xerais, podemos sinalar que, aínda que existen certas diverxencias en función das disciplinas específicas analizadas, os estudos internacionais mostran que as publicacións dos homes tenderon a incrementarse, mentres que no caso das mulleres tenderon a manterse ou incluso descender o seu volume de envíos de manuscritos.

Tras a análise dos resultados acadados, cómpre sinalar que a enquisa realizada ao PDI da UVigo, os grupos de discusión levados a cabo e a diagnose realizada a partir das revistas consultadas nos proporcionan unha serie de elementos que considerados dun xeito conxunto nos alertan de que a pandemia da covid-19 está tendo un claro efecto na desigualdade das mulleres fronte aos homes no eido da investigación. Son todos elementos que mostran diferenzas por sexo e situación familiar, e que examinados dun xeito integral nos están indicando dun avance da desigualdade entre homes e mulleres no eido científico. Teremos que agardar novos estudos para verificar o alcance desta repunta da desigualdade, e os seus efectos a medio e a longo prazo nas universidades e na actividade investigadora en xeral.

Neste senso, a diminución da actividade investigadora evidencia un escenario de desigualdades e acentúa a fenda de xénero. Hai que alertar que a enquisa realizada indica que son as mulleres PDI con fillas e fillos menores as que van experimentar un maior descenso na produción científica, nun sistema de méritos que penaliza a maternidade e que a medio e a longo prazo terá un efecto nas avaliacións investigadoras posteriores. Aínda que non foi obxecto de estudo desta investigación, é relevante que estes resultados probablemente se agravan máis, se cabe, no caso das investigadoras posdoutorais ou contratadas por proxectos.

Ao longo deste informe maniféstase que é preciso un cambio de paradigma derivado da tensión estrutural capital-vida que aínda se fixo máis profunda coa pandemia da covid-19, e que nos debe facer reformular a importancia central dos coidados vitais e sanitarios, e que sitúen a sostibilidade da vida e a clase coidadora (maioritariamente feminina) no centro das políticas públicas. Desta situación debería emerxer un novo contrato social onde se alumee un novo sistema social de coidados, como se leva xa décadas sinalando desde a economía feminista. A pandemia ábrenos os ollos á importancia dos coidados, tanto para o benestar das persoas coma para que a economía funcione.

A crise da covid-19 evidenciou que o coidado ten unha fenda de xénero que se debe atallar, poñendo a vida no centro, pois todas as persoas somos interdependentes: somos coidadoras e debemos ser coidadas. Nesta crise, temos o perigo de perder nuns meses todos os avances que fixemos as mulleres décadas atrás. E esta fenda de xénero pódese ampliar indefinidamente se as institucións non asumen a carga de coidados.

Parece claro que un dos efectos colaterais da pandemia é a previsible debilidade da axenda da igualdade de xénero, que terá repercusións no obxectivo 5 da Axenda 2030, e fará máis difícil estreitar as fendas e revertir o retroceso que se está a producir. Tendo en conta as leccións aprendidas sobre o erro de dar unha resposta «supostamente» neutra ao xénero noutras epidemias, esta pandemia global é unha oportunidade para incorporar un enfoque de xénero que nos permita non caer en discriminacións estruturais cara ás mulleres. Polo menos habería que realizar unha intervención de xénero en dous niveis: primeiro, incluíndo e visualizando as científicas que están presentes nos cargos importantes académicos e de investigación; e, en segundo lugar, implementar medidas de acción positiva correctoras que axuden a paliar a fenda de

xénero na ciencia. Neste senso, a carencia de políticas de xénero adecuadas provoca que exista unha baixa produtividade científica das investigadoras, unha escasa presenza de mulleres en órganos de poder científico das mulleres e unha perda dun capital humano valiosísimo, cun alto grao de formación (Ledin *et al.*, 2007; Mason *et al.*, 2013).

A vulnerabilidade estrutural que afecta inxustamente as traxectorias científicas das mulleres pódese paliar a través de medidas de acción positiva que compensen esa desigualdade estrutural de partida por razón de maternidade, conciliación e/ou violencia de xénero, coa finalidade de reequilibrar un modelo de avaliación e promoción que se mostra inxusto, xa que reproduce esa desigualdade de orixe.

De acordo co comentado ao longo deste informe, sería necesario aprobar unha serie de medidas de acción positiva para introducir cambios na cultura de traballo das entidades universitarias, e aliviar os obstáculos na carreira académica derivados da «fenda de desigualdade» existente debido á maternidade, á conciliación e/ou violencia de xénero que afectan principalmente a docencia e a investigación das mulleres, dentro das convocatorias propias de produción científica en investigación, docencia e transferencia.

Se queremos obter maiores cotas de igualdade na universidade e na ciencia, precisamos deseñar políticas de igualdade na propia universidade, pero tamén precisamos políticas de sensibilización que muden a cultura organizacional das entidades universitarias. Neste senso, a lexislación pode axudar pero, ante todo, é necesario un cambio cultural. O propio Ministerio de Ciencia e Innovación sinala que o impulso da igualdade de xénero no sistema de ciencia e innovación, ademais de ser un principio básico do dereito, é garantía de excelencia na I+D+i e ten que contribuír a:

- 1). Lograr unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os eidos e niveis da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, aproveitando e retendo o talento.
- 2). Integrar a dimensión de xénero nas políticas, programas e proxectos de I + D + i.

En definitiva, a diminución do tempo de dedicación á actividade investigadora, e o menor volume de artigos e publicacións enviadas supón unha menor posibilidade de conseguir financiamento futuro para novos proxectos, o que vai provocar a reprodución e incluso o agravamento das desigualdades de xénero na academia previas á pandemia. É un reto para as nosas institucións traballar para impedirlo.



Bibliografía

FECYT (2019). Ranking de revistas científicas españolas con sello de calidad FECYT, Madrid: Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT). Disponible en: https://calidadrevistas.fecyt.es/sites/default/files/2019_09_05ranking_revistas_final.pdf (consulta: 19/06/2020).

Feminist Majority Foundation (2020). Women in Academia Struggle in the Wake of covid-19. Disponible en: <https://feminist.org/news/women-in-academia-struggle-in-the-wake-of-covid-19/> (consulta: 06/07/2020).

Frederickson, Megan (2020). How the covid-19 pandemic is affecting women in STEM. Disponible en: https://www.cap.ca/wp-content/uploads/2020/06/CAP_talk_23June2020.pdf (consulta: 10/10/2020).

Instituto da Muller (2020). La perspectiva de género: esencial en la respuesta a la covid-19, Madrid: Instituto da Muller. Disponible en: [http://www.inmujer.gob.es/disenov/novedades/IMPACTO_DE_GENERO_DEL_COVID_19_\(uv\).pdf](http://www.inmujer.gob.es/disenov/novedades/IMPACTO_DE_GENERO_DEL_COVID_19_(uv).pdf) (consulta: 09/05/2020).

Instituto Nacional de Estadística (INE) (2011). Encuesta de empleo del tiempo 2009-2010. Disponible en: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176815&menu=resultados&idp=1254735976608#!tabs-1254736194826 (consulta: 20/07/2020).

Kitchener, C. (2020): «Las mujeres académicas parecen presentar menos trabajos durante el coronavirus». The Lily. Disponible en: <https://www.thelily.com/women-academics-seem-to-be-submitting-fewer-papers-during-coronavirus-never-seen-anything-like-it-says-one-editor/> (consulta: 05/05/2020).

Ledin, Anna; Bornmann, Lutz; Gannon, Frank e Wallon, Gerlind (2007). «A persistent problem: Traditional gender roles hold back female scientists». *EMBO reports*, 8(11), 982-987.

Mason, Mary Ann,; Wolfinger, Nicholas H. y Goulden, Marc (2013). *Do babies matter?: Gender and family in the ivory tower*. New Brunswick (NJ): Rutgers University Press.

Minello, Alessandra (2020). «The pandemic and the female academic. I'm curious what lockdown will reveal about the "maternal wall" that can block faculty». *Nature* 17/04/2020. Disponible en: <https://www.nature.com/articles/d41586-020-01135-9> (consulta: 20/05/2020).

Noriko, Amano-Patiño; Faraglia, Elisa; Giannitsarou, Chryssi e Hasna, Zeina (2020). «Who is doing new research in the time of COVID19? Not the female economists», VOX, CEPR Policy Portal, 02/05/2020.

RUIGEU (2020): Teletrabajo y conciliación corresponsable en tiempos de covid-19. Guía de buenas prácticas para las universidades, RUIGEU. Disponible en: https://www.uv.es/ruigeu2/GUIA_BUENAS_PRACTICAS1.pdf (consulta: 23/10/2020).

Sánchez-Silva, Carmen (2020). «Una de cada cuatro mujeres estadounidenses planea abandonar su carrera por los efectos de la covid», *El País*, 6/10/2020. Disponible en: <https://elpais.com/economia/2020-10-05/una-de-cada-cuatro-mujeres-estadounidenses-planea-abandonar-su-carrera-por-los-efectos-de-la-covid.html> (consulta: 10/10/2020).

UMYC (2020). Resultados del cuestionario sobre el impacto del confinamiento en el personal investigador, FECYT. Disponible en: https://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Ministerio/FICHEROS/Resultados_cuestionario_impacto_confinamiento_personal_investigador_UMyC.pdf (consulta: 10/10/2020).

Unidade de Igualdade (2019). A sostibilidade da vida no centro. Novas formas de corresponsabilidade para a comunidade universitaria da Universidade de Vigo, Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo. Disponible en: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-09/Diagnostico_necesidades_conciliacion_2019.pdf (Consulta: 10/06/2020).

Viglione, Giuliana (2020). «Are women publishing less during the pandemic? Here's what the data say». *Nature*, 20/05/2020. Disponible en: <https://www.nature.com/articles/d41586-020-01294-9>. (consulta: 21/05/2020).

Xarxa Vives (2019). "El biaix de gènere en el reclutament, la promoció i la retenció del personal a les universitats", Castelló de la Plana: Xarxa Vives.



Anexos

Cuestionario Estudio Producción investigadora durante a COVID19

Universidade de Vigo

Desde a Universidade de Vigo estamos desenvolvendo una investigación para coñecer os efectos do confinamento no traballo, a produción investigadora e a conciliación entre o PDI e PDIF (Persoal Investigador) da Universidade de Vigo. O estudo enmárcanse nas actividades que a Universidade de Vigo vén desenvolvendo dentro das actuacións recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

PROTECCIÓN DE DATOS ENQUISA

Responsable: Universidade de Vigo (CIF: Q8650002B), Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Lagoas-Marcosende s/n 36310 Vigo, Pontevedra, Teléfono: 986 813 600, Email: informacion@uvigo.es

Finalidade principal: Investigación científica con fins estatísticos para estudo sobre o impacto producido pola situación de emerxencia provocada pola COVID-19 na actividade laboral e profesional do PDI e PDIF da Universidade de Vigo. Para iso pedimos e agradecemos a súa colaboración. Os seus datos persoais conservaranse de xeito confidencial e seudonimizados (non podendo atribuírse os mesmos a ningunha persoa enquisada), durante os prazos necesarios para a elaboración dos estudos sobre a enquisa.

Lexitimación: satisfacción de intereses lexítimos da Universidade de Vigo, en concreto análise do impacto da COVID19 na actividade investigadora do PDI e PI.

Destinatarios: Os datos serán comunicados á entidade Cidadanía, S. Coop Galega aos efectos da súa recollida e análise aos efectos dos fins aos que se destina a enquisa.

Dereitos: Pode exercer o seu dereito a revogar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos así como solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade ou oposición dos mesmos, remitindo unha comunicación ao seguinte email: dpd@uvigo.gal. Tamén poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se non obtén satisfacción no exercicio dos seus dereitos, na súa web: <https://www.aepd.es/>

Delegado de protección de datos: dpd@uvigo.gal

P. 1. Pode indicar o seu sexo? (unha soa resposta)

- Muller
- Home
- Outra

P. 2. Pode indicar a súa idade? (unha soa resposta)

- Menos de 25 anos
- De 25 a 34 anos
- De 35 a 44 anos
- De 45 a 54 anos
- De 55 a 64 anos
- 65 e máis anos
- NS/NC

P. 3. Pode sinalar o tipo de fogar no que viviu durante o estado de alarma? (unha soa resposta)

- Unipersoal
- Parella heterosexual sen fillas ou fillos
- Parella homosexual sen fillas ou fillos
- Parella heterosexual con fillas ou fillos
- Parella homosexual con fillas ou fillos
- Monomarental
- Monoparental
- Familia composta (a miña parella ou fillas ou fillos doutra persoa ou outros menores)
- Familia extensa (conviven na mesma casa persoas distintas de pais, nais, avós, avoas)
- Comparto vivenda con outras persoas sen vínculo familiar
- Outra. Cal?:
- NS/NC

P. 4. No caso de convivir en parella, cal foi a súa situación laboral desta durante o estado de alarma? (indique a situación que se deu cando menos nos dous primeiros meses; unha soa resposta)

- Traballo remoto
- Tivo que asistir presencialmente ao seu traballo
- Combinación de traballo remoto e traballo presencial
- Afectada/Afectado por un ERTE de suspensión temporal de contrato
- Afectada/Afectado por un ERTE de redución de xornada
- De baixa
- Traballo informal remunerado

- | | |
|--|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> No paro | <input type="checkbox"/> Non procede |
| <input type="checkbox"/> Estudando | <input type="checkbox"/> Outros |
| <input type="checkbox"/> Xubilada/Xubilado | <input type="checkbox"/> NS/NC |
| <input type="checkbox"/> Tarefas do fogar/Coidados non remunerados | |

P.5. Durante o estado de alarma a súa situación foi de: (unha soa resposta)

- Traballo remoto
- Combinei traballo remoto e traballo presencial na universidade
- Outra:
- NS/NC

P.6. Respecto das condicións para desenvolver o traballo remoto na vivenda na que pasou o estado de alarma: (unha soa resposta)

- Dispuxen dun estudo/despacho propio onde poder realizar o meu traballo remunerado
- Fixen uso de espazos comúns (salón, cociña...), xa que non tiña espazo de traballo propio
- Traballei nun espazo compartido da casa con outras persoas da familia
- NS/NC

P. 7. No que respecta ao tempo diario dedicado ao traballo remunerado durante o estado de alarma, foi o mesmo ca antes do confinamento? (unha soa resposta)

- Non, diminuíu relativamente (entre unha e dúas horas por xornada)
- Non, diminuíu considerablemente (máis de dúas horas por xornada)
- Si, foi o mesmo (pase á P. 9)
- Non, aumentou relativamente (entre unha e dúas horas por xornada) (pase á P. 9)
- Non, aumentou considerablemente (máis de dúas horas por xornada) (pase á P. 9)
- NS/NC

P. 8. No caso de verse reducida a súa dedicación ao traballo durante o estado de alarma, considera que esta situación pode afectar a súa carreira profesional? (unha soa resposta)

- Si, pode verse afectada negativamente por non chegar a desenvolver con garantías o meu traballo

- Si, pode verse afectada en parte
- Non, non creo que se vexa afectada
- Si, pero positivamente posto que aínda que lle dediquei menos tempo, resultou máis produtivo
- Outros
- NC/NC

P.9. Das seguintes actividades relacionadas co seu traballo remunerado, indique as que desenvolveu durante o estado de alarma e o tempo medio de dedicación en horas nunha xornada normal: (resposta múltiple)

	Menos dunha hora ao día	1 hora ao día	2 horas ao día	3 horas ao día	Máis de 3 horas	Non realizou	Non procede	Ns/Nc
Actividades relacionadas coa organización e xestión do meu departamento, centro ou da universidade, incluídas xuntanzas en liña	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Preparación de clases, docencia, correccións, titorías e xestión de aula virtual	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Conferencias virtuais e outros espazos de divulgación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Actividade investigadora (actividades vinculadas coa produción científica, revisión e elaboración de artigos e outras publicacións)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Actividade investigadora (coordinación co equipo de investigación e outras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outras	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

P. 10. E antes do inicio da pandemia, que tipo de actividades e tempo de dedicación en horas nunha xornada normal? (resposta múltiple)

	Menos dunha hora ao día	1 hora ao día	2 horas ao día	3 horas ao día	Máis de 3 horas	Non realizou	Non procede	Ns/Nc
Actividades relacionadas coa organización e xestión do meu departamento, centro ou da universidade, incluídas xuntanzas en liña	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Preparación de clases, docencia, correccións, titorías e xestión de aula virtual	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Conferencias virtuais e outros espazos de divulgación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Actividade investigadora (actividades vinculadas coa produción científica, revisión e elaboración de artigos e outras publicacións)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Actividade investigadora (coordinación co equipo de investigación e outras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outras	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

P. 11. Modificou os horarios do seu traballo remunerado durante o estado de alarma?
(unha soa resposta)

- Si, tiven que modificar os meus horarios e adaptarme á nova situación existente na casa
- Si, tiven que modificar os meus horarios e adaptarme ás novas necesidades do traballo
- Non, sigo mantendo o mesmo horario ca antes do confinamento (pase á P. 13)
- Outras
- NS/NC

P.12. No caso de ter que modificar os horarios, como foi esa adaptación? (resposta múltiple)

- Erguéndome antes para poder facer correctamente o meu traballo
- Deitándome máis tarde para poder facer correctamente o meu traballo
- Aproveitando franxas horarias en función das necesidades dos coidados e da xestión do fogar
- Traballando algunhas fins de semana e días festivos
- Reducindo ou renunciando a días de vacacións
- Outros
- NC/NC

P.13. Unha vez rematado o estado de alarma, volveu vostede ao traballo presencial na universidade? (unha soa resposta)

- Si, de forma voluntaria
- Si, pero non de forma voluntaria, xa que prefería continuar co traballo remoto
- Non, continúo traballando desde a casa.
- Outros:
- NS/NC

P. 14. Gustaríalle seguir co traballo remoto nun futuro? (resposta múltiple)

- Si, por suposto
- Si, cando menos parcialmente
- Si, no caso de mellorar as condicións laborais
- Si, no caso de que diminuíra as miñas responsabilidades de coidados e atención do fogar

- Non, prefiro traballar presencialmente na universidade
- NS/NC

P. 15. Se tivese que valorar de maneira xeral o seu grao de satisfacción coa experiencia do traballo remoto desenvolvido durante o estado de alarma, diría que esta resultou: (unha soa resposta)

- Moi satisfactoria
- Bastantes satisfactoria
- Algo satisfactoria
- Nada satisfactoria
- NS/NC

P.16. Desenvolveu vostede actividade científica ou investigadora no último ano?

- Si
- Non (pase á P. 29)
- Ns/Nc (pase á P. 29)

P.17. Durante o estado de alarma revisou ou enviou vostede algún artigo ou publicación científica dirixido a editoriais ou revistas especializadas? (resposta múltiple)

- Si
- Non, resultoume difícil por cuestións de conciliación (pase á P. 20)
- Non, porque non o tiña planificado (pase á P. 20)
- Non, resultoume difícil pola saturación de traballo docente (pase á P. 20)
- Non, por falta de concentración (pase á P. 20)
- Outras
- NS/NC

P.18. Indique a tipoloxía de artigos ou de publicacións enviadas durante o estado e alarma: (resposta múltiple)

- De carácter nacional
- De carácter internacional
- Outros (especifique)
- NS/NC

P.19. Indique o número de artigos ou de publicacións de carácter nacional ou internacional:

De carácter nacional:

De carácter internacional:

P.20. Comparado co cuadrimestre anterior ao estado de alarma, o número de artigos científicos publicados: (unha soa resposta)

- Aumentou
- Foi o mesmo
- Diminuíu
- NS/NC

P.21. Desenvolve vostede a súa actividade investigadora nun laboratorio ou espazo adecuado para tal fin? (unha soa resposta)

- Si
- Non (pase á P. 23)
- NS/NC

P.22. No caso afirmativo, indique se durante o estado de alarma acudiu ao laboratorio nalgún momento para traballar: (unha soa resposta)

- Si, unha vez pasadas as fases máis críticas do estado de alarma
- Non, aínda non
- Outras
- NS/NC

P.23. No caso de dedicarlle tempo á súa actividade investigadora durante o estado de alarma, segue sendo o mesmo ca antes do confinamento? (unha soa resposta)

- Non, diminuíu considerablemente
- Non, diminuíu algo
- Mantívose igual (pase á P. 25)
- Si, aumentou algo (pase á P. 25)
- Si, aumentou significativamente (pase á P. 25)
- NS/NC

P.24. No caso de diminuír, valore se as seguintes situacións puideron influír na menor dedicación ao traballo e á investigación: (unha soa resposta)

	Moito	Bastante	Algo	Nada	Ns/Nc
Menor dispoñibilidade de tempo pola nova situación familiar e xestión do fogar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Non dispor dos medios necesarios (técnicos ou acceso a recursos)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Non poder acceder ao espazo de traballo da universidade onde desenvolvo a actividade científica	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Dificultades para coordinarme con outras persoas do equipo de investigación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Falta de concentración e de capacidade para desenvolver correctamente o meu traballo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
NS/NC	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

P.25. Pensa vostede que o tempo dedicado á actividade docente en liña durante o estado de alarma (preparación e seguimento de actividades, xestión da aula virtual, correccións e contacto co alumnado) puido afectar o seu tempo e atención da actividade investigadora? (unha soa resposta)

- Moi de acordo
- Bastante de acordo
- Algo de acordo
- Nada de acordo
- Non procede (non teño actividade docente)
- NS/NC

P.26. En que medida está vostede de acordo en que vai ter maiores dificultades á hora de conseguir algunha bolsa, proxecto, contrato, financiamento ou promocionar ao non lle dedicar tempo á súa actividade investigadora durante o estado de alarma? (unha soa resposta)

- Moi de acordo
- Bastante de acordo
- Algo de acordo
- Nada de acordo
- NS/NC

P.27. Durante o estado de alarma, solicitou vostede algún proxecto de investigación?

Si

Non (pase á P. 29)

NS/NC (pase á P. 29)

P.28. Indique o número de proxectos solicitados de carácter nacional e internacional.

Proxectos nacionais:

Proxectos internacionais:

P.29. Durante o estado de alarma, con que frecuencia mantivo contacto ou interactuou co(s) seu(s) equipo(s) de investigación ou colegas de traballo (tanto en traballo remoto coma presencial)? (unha soa resposta)

- Aconteceu con maior regularidade ca antes do estado de alarma
- Aconteceu coa mesma regularidade ca antes do estado de alarma
- Aconteceu con menor regularidade ca antes do estado de alarma
- NS/NC

P. 30. En xeral, diría vostede que durante o estado de alarma se sentiu afastado ou afastada do seu equipo de investigación e/ou colegas de traballo? (unha soa resposta)

- Totalmente de acordo
- Bastante de acordo
- Algo de acordo
- Nada de acordo
- NS/NC

P.31. Podería indicar a súa categoría laboral? (unha soa resposta)

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Axudante/a | <input type="checkbox"/> Persoal de programas de investigación |
| <input type="checkbox"/> Axudante/a doutor/doutora | <input type="checkbox"/> Persoal técnico de programas |
| <input type="checkbox"/> Catedrática de escola universitaria | <input type="checkbox"/> Profesorado contratado doutor/doutora |
| <input type="checkbox"/> Catedrática de universidade | <input type="checkbox"/> Profesorado titular de escola universitaria |
| <input type="checkbox"/> Emérito/Emérita | <input type="checkbox"/> Lector/Lectora |
| <input type="checkbox"/> Interino/Interina | <input type="checkbox"/> Profesorado asociado |
| <input type="checkbox"/> Lector/Lectora | <input type="checkbox"/> Profesorado visitante |
| <input type="checkbox"/> Persoal contratado con cargo a proxectos | <input type="checkbox"/> NS/NC |

P. 32. Ten vostede algunha filla ou fillo menores de 12 anos co que convivira durante o estado de alarma? Indique o número (unha soa resposta)

- Si
- Non (pase á P. 41)
- NS/NC (pase á P. 41)

P.33. Indique as idades das súas fillas ou fillos menores de 12 anos coas que conviviu durante o estado de alarma: (resposta múltiple)

Idade 1:
 Idade 2:
 Idade 3:
 Idade 4:
 Idade 5:
 Idade 6:

P.34. No caso de estar en réxime de custodia de fillas ou fillos: (unha soa resposta)

- Mantívose, e residiron no meu fogar as semanas que lles correspondían
- Modificouse, e residiron no meu fogar durante o estado de alarma
- Modificouse, e non residiron no meu fogar durante o estado de alarma
- Mantívose, e residiron os días planificados no fogar compartido
- Modificouse, e residiron días diferentes aos planificados no fogar compartido
- Non procede
- NS/NC

P.35. Antes do estado de alarma, quen se encargaba principalmente do seu coidado diario? (unha soa resposta)

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Eu mesma/Eu mesmo | <input type="checkbox"/> Outras coidadoras non remuneradas da familia (avoa, avós, irmás ou irmáns) |
| <input type="checkbox"/> A outra proxenitora/O outro proxenitor | <input type="checkbox"/> Outras coidadoras non remuneradas próximas (veciñanza, amizades) |
| <input type="checkbox"/> Nai e pai por igual | |
| <input type="checkbox"/> A miña parella | |

- Persoas coidadoras remuneradas NS/NC
 Centros educativos, escolas infantís

P.36. Durante o estado de alarma, quen se encargaba principalmente do seu coidado diario? (unha soa resposta)

- Eu mesma/Eu mesmo Outras coidadoras non remuneradas próximas (veciñanza, amizades)
 A outra proxenitora/O outro proxenitor
 Nai e pai por igual Persoas coidadoras remuneradas
 A miña parella Centros educativos, escolas infantís
 Outras coidadoras non remuneradas da familia (avoas, avós, irmás ou irmáns) Outros
 NS/NC

P.37. Durante o estado de alarma, no caso dos labores de apoio ao estudo das súas fillas ou fillos: (unha soa resposta)

- Dedico o mesmo tempo ca antes a axudarlles cos seus estudos
 Dedico bastante máis tempo ás tarefas escolares
 Non dedico tempo, non precisan de axuda nos estudos
 Non dedico tempo, a miña parella encárgase
 Non dedico tempo, encárganse outros membros da familia
 Outros
 NS/NC

P.38. Durante o estado de alarma e no caso de saídas e paseos coas súas fillas e fillos: (unha soa resposta)

- Dedico o mesmo tempo ca antes ás saídas e aos paseos
 Dedico bastante máis tempo ás saídas e aos paseos
 Non dedico tempo, non precisan compañía
 Non dedico tempo, a miña parella encárgase
 Non dedico tempo, encárganse outros membros da familia
 Outros
 NS/NC

P.39. En xeral, como variou o seu tempo de dedicación ao coidado das súas fillas ou fillos durante o estado de alarma? (unha soa resposta)

- Si, dedícolle moito máis tempo
- Si, dedícolle o mesmo tempo ca antes
- Si, dedícolle menos tempo ca antes
- Non dedico tempo aos seus coidados
- Outros
- NS/NC

P.40. Ten vostede algunha persoa dependente coa que conviviu durante o estado de alarma? Indique o número (unha soa resposta)

- Si
- Non (pase á P. 43)
- NS/NC (pase á P. 43)

P. 41. Indique a idade da persoa dependente coa que convivira durante o estado de alarma: (resposta múltiple)

Idade 1:

Idade 2:

Idade 3:

Idade 4:

P.42. Antes do estado de alarma o coidado de persoas maiores e dependentes coas que convivira era desenvolto, principalmente, por: (unha soa resposta)

- Por min
- Pola miña parella
- Entre a miña parella e eu, por igual
- Outras coidadoras non remuneradas da familia (fillas, fillos)
- Outras coidadoras non remuneradas próximas (veciñanza, amizades)
- Persoas coidadoras remuneradas
- Centros asistenciais (centros de día, residencias...)
- Non procede (non convivía con ningunha persoa dependente)

NS/NC

P.43. E durante o estado de alarma quen se encargaba principalmente do seu coidado diario? (unha soa resposta)

- Por min
- Pola miña parella
- Entre a miña parella e eu, por igual
- Outras coidadoras non remuneradas da familia (fillas, fillos)
- Outras coidadoras non remuneradas próximas (veciñanza, amizades)
- Persoas coidadoras remuneradas
- Centros asistenciais (centros de día, residencias...)
- NS/NC

P.44. Como diría que variou o seu tempo de dedicación ao coidado ou a atención doutras persoas maiores e dependentes durante o estado de alarma? (unha soa resposta)

- Dedícolle moito máis tempo
- Dedícolle o mesmo tempo ao coidado ca antes
- Dedícolle menos tempo ca antes
- Non dedico tempo aos seus coidados
- Non procede
- NS/NC

P. 45. Á marxe das persoas que conviviron con vostede durante o estado de alarma, tivo vostede que asumir algún tipo de coidados ou atención dunha persoa dependente ou persoas maiores coa que non convivía anteriormente? (resposta múltiple)

- Si, despraceime con frecuencia para atender as súas necesidades
- Si, mantiven contacto telefónico para atender as súas necesidades
- Non, outras persoas encargábanse dos seus coidados
- Non procede
- NS/NC

P. 46. En xeral, como clasificaría a dinámica de conciliación do traballo remoto e a conciliación coa súa vida persoal e familiar durante o estado de alarma? (unha soa resposta)

- Moi difícil
 Difícil
 Fácil
 Moi fácil
 NS/NC

P.47. No caso de desenvolver as tarefas do fogar por parte das persoas da familia, que tarefas realizou e quen foi a persoa responsable durante o estado de alarma? (unha soa resposta)

	Eu en maior medida	A miña parella en maior medida	A partes iguais	Outros membros da familia	NS/NC	Non procede
Xestión e organización do fogar en xeral (carga mental)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Limpeza e ordenación do fogar en xeral	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Limpeza do baño	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Elaboración de comidas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Recoller e limpar a cociña	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Listaxe de compra	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Compra en liña	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Compra presencial	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Limpeza e colocación da compra	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Lavado e desinfección da roupa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ferro de pasar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ordenación de armarios	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Bricolaxe/Xardinaría	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Paseo de mascotas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Coidados emocionais e afectivos dos membros do fogar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

P.48. Durante o estado de alarma, ten que dedicarlles máis tempo ás tarefas do fogar? (unha soa resposta)

- Si, dedícolles máis tempo
 Non, dedícolles o mesmo tempo ca antes
 Non, dedícolles menos tempo ca antes
 Non lles dedico tempo
 Outro

NS/NC

P.49. Co estado de alarma, ten tempo para si mesma/mesmo?

- Si, aínda que o tempo dispoñible diminuíu bastante
- Si, máis ou menos o mesmo ca antes
- Si, mesmo algo máis
- Non, case non dispuxen de tempo para min
- Outros
- NS/NC

Algunha outra cuestión que queiras concretar ou engadir:

Moitas grazas pola súa colaboración

Guía de entrevista de grupo ao PDI e ao PI

PRELIMINARES

- Acollida das persoas participantes e presentación.
- Agradecementos, presentación das persoas responsables de conducir a entrevista.
- Explicación do procedemento de gravación do grupo.
- Tempos previstos, dinámica e funcionamento da reunión.

TEMAS PARA DEBATER

Organización do traballo produtivo

- En xeral, valoración de como lles afectou a pandemia da covid-19 e das medidas tomadas polo goberno coa declaración do estado de alarma ao traballo produtivo.
- Valoración a respecto de como organizaron o traballo remoto.
- Traballo produtivo e coidados. Tipo de renuncias, cambios nos horarios.
- Efectos no estado físico, emocional, no benestar en xeral.
- No caso de ter parella, o impacto é o mesmo? Posibles razóns.

Valoración en xeral do traballo remoto

- É unha boa opción tendo en conta a súa actividade profesional? Por que?
- Volveron ao traballo presencial? Por que? Tiñan a opción de continuar co teletraballo?

Actividade investigadora

- Estado de alarma. Como afectou á súa actividade investigadora?
- Puideron revisar, enviar *papers*, artigos durante o estado de alarma? Tiveron que renunciar a proxectos ou a publicacións neste segundo cuatrimestre? Por que?
- Deseñaron proxectos de investigación como IP? Como investigadora? Investigar en xeral?
- Como foi o contacto co equipo de investigación? Con que frecuencia?
- Participación en conferencias ou actividades en liña. Disponibilidade. Consideran que a súa participación neste tipo de espazos foi nas mesmas condicións ca os compañeiros? Sentíronse nalgún momento excluídas?
- Perda de competitividade. Relación entre sobrecarga das responsabilidades domésticas durante o confinamento e a redución na produción científica nas mulleres académicas?
- Valoración de posibles efectos na súa carreira profesional.
- Posibles efectos no acceso a bolsas, financiamento, promocións? Cren que lles pode acontecer o mesmo aos compañeiros PDI e PI homes?
- Como os centros de investigación e as axencias financiadoras poden ser máis flexibles á hora de conceder extensións aos proxectos ou cando menos ter en conta as situacións das persoas ou familiares durante o estado de alarma? Mesmo nunha situación de normalidade, e ter en conta a fenda de xénero? Cara ao final eu

preguntaría explicitamente: ¿cres que a pandemia vai acrecentar a desigualdade entre mulleres e homes na carreira académica?

Docencia virtual

- Vantaxes e desvantaxes da docencia virtual; plataformas, os tempos, preparación de aulas, materiais, seguimento de alumnado, que esixe a ensinanza virtual (tiñan a formación necesaria, medios técnicos...).
- Impacto da saturación de horas de docencia en liña na actividade investigadora.

Papel da universidade

- A universidade; valoración como facilitador para o teletraballo e a actividade investigadora.

Organización de coidados e xestión do fogar

- Valoración xeral de como conciliaron tendo en conta a situación familiar de cada unha
- Foi unha conciliación corresponsable. Por que?
- Tarefas e actividade de atención a menores e persoas dependentes, responsabilidades principais.
- Xestión do fogar; actividades compartidas ou non, que fixo cadaquén.
- Seguen na casa esas rutinas unha vez rematado o estado de alarma? En que mudaron?

Mostra de revistas seleccionadas

Mostra de revistas seleccionadas para a solicitude de datos. Clasificación FECYT

Ámbito	Puntuación máxima	Metade da clasificación
Revista de ciencias	Grasas y Aceites	Procesamiento del Lenguaje Natural (SEPLN)
Revista de ciencias da educación	Comunicar. Revista Científica Iberoamericana de Comunicación Educación	REICE. Revista Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación
Revista de ciencias da natureza	Revista Iberoamericana de Micología	Graellsia
Revista de ciencias da saúde	Revista Española de Cardiología	Index de Enfermería
Revista de ciencias do comportamento	Revista Española de Cardiología	Clínica y Salud. Investigación Empírica en Psicología
Revista de ciencias económicas e empresariais	Anales de Psicología	Investigaciones Europeas de Dirección y Economía de la Empresa
Revista de ciencias sociais	Revista de Psicología del Trabajo y de las Organizaciones = Journal of Work and Organizational Psychology	Masculinities and Social Change
Revista de dereito	Comunicar. Revista Científica Iberoamericana de Comunicación y Educación-	Gestión y Análisis de Políticas Públicas
Revista de filoloxía e lingüística	Revista Española de Derecho Constitucional	Miscelánea de Estudios Árabes y Hebraicos. Sección Hebreo
Revistas de historia da arte e expresión artística	Comunicar. Revista Científica Iberoamericana de Comunicación y Educación	L'Atalante. Revista de Estudios Cinematográficos
Revistas de historia e filosofía	Arte, Individuo y Sociedad	Revista Complutense de Historia de América
Revistas de humanidades	Cuadernos de Investigación Geográfica	Araucaria. Revista Iberoamericana de Filosofía, Política y Humanidades
Revistas de enxeñaría e arquitectura	Materiales de Construcción	ITEA. Información. Técnica Económica Agraria

Fonte: elaboración propia

Mostra de revistas seleccionadas para a solicitude de datos. Web of Sciece

Categoría	Maior volume de publicacións	de	Maior volume de publicacións do persoal da UVigo
Economía	Trimestre Económico		Estudios de Economía Aplicada
Educación e investigación en educación	Dilemas Contemporáneos: Educación, Política y Valores		Revista Publicaciones
Leis	Actualidad Jurídica Ambiental		Revista General de Derecho Romano
Lingüística	Hispania. A Journal Devoted to the Teaching of Spanish and Portuguese		Onomazein
Ciencia Política	Izquierdas		Provincia
Socioloxía	Revista Española de Sociología		
Bioloxía	Revista de Biología Tropical		
Ciencias do deporte	Sport tk. Revista Euroamericana de Ciencias del Deporte		
Telecomunicaciones	Telematique		
Ingeniería. Multidisciplinar	Dyna		

Fonte: elaboración propia

Blank lined writing area (10 lines).

Blank lined writing area (10 lines).

